

> 2	INTRODUCCIÓN
> 3	CONSULTAS E QUEIXAS CONSULTAS QUEIXAS
> 26	ANÁLISE DE DATOS CASOS POR COLECTIVOS CASOS POR CAMPUS CONSULTAS POR COLECTIVOS QUEIXAS POR COLECTIVOS CASOS POR SEXO CASOS POR ÁREA TEMÁTICA CASOS POR CENTROS POR ÓRGANOS DE GOBERNO DA REITORÍA DISTRIBUCIÓN TEMPORAL DOS CASOS TEMPO DE RESOLUCIÓN ACTUACIÓNS POR COLECTIVO E CURSO ACADÉMICO
> 33	RECOMENDACIÓNS / SUXESTIÓNS
> 33	OBXECTIVOS
> 34	PRESENTACIÓN PERANTE O CLAUSTRO
> 35	ANEXOS



VALEDOR UNIVERSITARIO MEMORIA
SETEMBRO 2011 / AGOSTO 2012

O artigo 22 do Regulamento do valedor universitario da UDC recolle: "O valedor universitario presentará unha memoria anual sobre a xestión realizada durante o curso académico e os seus obxectivos para o seguinte curso. A memoria deberá conter información, cando menos, sobre o número e o tipo de reclamacións presentadas, as reclamacións obxecto de investigación, o resultado destas e as recomendacións e suxestións xerais formuladas para a mellora do funcionamento da Universidade da Coruña".

O pasado 15 de maio, presentouse ante o Claustro Universitario a memoria correspondente ao período xaneiro 2010/agosto 2011, e resumíronse graficamente os principais resultados numéricos dos casos correspondentes ao curso académico 2010/11 (setembro 2010/agosto 2011). Seguindo co mesmo tratamento de datos, preséntase agora a memoria correspondente ao curso 2011/12, coa confianza de que da súa atenta lectura se poidan tirar algunhas consideracións de utilidade, tanto de carácter informativo como preventivo.

Aínda que un mesmo tratamento de datos debería permitir, a priori, apreciar tendencias de mellora ou empeoramento no funcionamento dalgúns órganos ou servizos, cómpre sermos precavidos na análise comparativa de resultados, pois nestes poden estar a influír diversos factores externos tales como: a diminución do

peso relativo dos vellos plans de estudo e as situacións relacionadas coa proximidade á súa extinción; as serias restricións económicas e de carácter legal que se están a sufrir na reposición, o incremento ou a promoción do persoal de administración e servizos e do profesorado; o incremento das taxas de matrícula; as maiores esixencias para a obtención de bolsas; a diminución de recursos para a docencia e a investigación; etc.

Nesta mesmo orde de ideas, cómpre salientar que mesmo a conflictividade real dun determinado centro ou servizo pode estar á baixa aínda que a evolución dos datos pareza reflectir o contrario. Así, á Oficina do Valedor Universitario chegan ás veces queixas que teñen que ser redirixidas (gardando sempre a debida confidencialidade) aos órganos resolutivos competentes, a onde xa deberían terse dirixido normalmente en primeira instancia. Xerar un clima de confianza mutua entre os órganos de dirección e os membros da comunidade universitaria afectados (especialmente co alumnado) é esencial para unha rápida e amigable resolución de conflitos, ben como para evitarmos que moitas queixas cheguen directamente ao valedor universitario.

Finalmente, quero facer constar o entusiasmo e a sempre voluntariosa e eficaz axuda de dona Rosa González Romero tanto para o traballo diario como para a realización da presente memoria.

A CORUÑA, 13 DE DECEMBRO DE 2012



CONSULTAS E QUEIXAS

Entre o 1 de setembro de 2011 e o 30 de agosto de 2012 tratáronse na Oficina do Valedor Universitario un total de 71 consultas e 50 queixas, reclamacións ou actuacións de oficio.

Ao igual que en anos anteriores, unha pequena parte das consultas son de natureza simple e de carácter exclusivamente administrativo, polo que se resolveron de inmediato desde a oficina do valedor ou se desviaron ás administracións correspondentes.

Aquelas consultas sobre aspectos en que podería ter cabida máis dunha interpretación son analizadas na propia Oficina desde onde se solicita, con frecuencia, a colaboración de distintos órganos e servizos da administración. Unha parte destas consultas acaban por converterse en queixas ou reclamacións que se incorporan como tal no relatorio de casos.

A maioría das queixas ou reclamacións que chegan á Oficina do Valedor Universitario trátanse amplamente coa parte reclamante por vía telefónica ou presencial; posteriormente analízanse polo miúdo para, a continuación, proceder á fase de conversa e solicitude de alegacións á outra parte en litixio, á recompilación de toda canta documentación e informes foren precisos para a resolución do caso e, finalmente, á redacción do correspondente informe, que se pretende sempre detallado e claramente motivado.

Da análise dalgunhas queixas ou reclamacións acábanse derivando, en ocasións, recomendacións ou suxestións de mellora de normas ou protocolos a diferentes órganos ou servizos.

RELATORIO DE CASOS

1. CONSULTAS

Para cada consulta efectuada á Oficina do Valedor Universitario consígnanse os seguintes datos:

- O colectivo a que pertence quen a formula.
- O centro ou servizo implicado.
- A data en que se realiza a consulta.
- O asunto obxecto de consulta.

COLECTIVO	CENTRO/SERVIZO	DATA	ASUNTO
Alleos	LERD	Setembro/11	Acceso á universidade
Estudantes	Fac. de Informática	Setembro/11	Datas de exames
Estudantes	ETS de Arquitectura	Setembro/11	Revisión de exames
Estudantes	Fac. de CC da Educación	Setembro/11	Exames e criterios de avaliación
Estudantes	Fac. de Dereito	Setembro/11	Pagamento de bolsas
Estudantes	EU Politécnica	Setembro/11	Presentación do PFC
Estudantes	Fac. de Filoloxía	Setembro/11	Organización de grupos académicos
Estudantes	EU de Deseño Industrial	Setembro/11	Devolución de material do PFC
Estudantes	EU de Arquitectura Técnica	Setembro/11	Convocatorias dos plans que se van extinguir
Alleos	Terceiro ciclo	Setembro/11	Func. dun mestrado interuniversitario
Estudantes	E. Politécnica Superior	Outubro/11	Xestión académica
Estudantes	ETS de Arquitectura	Outubro/11	Cambio de horarios
PDI	Fac. de Economía e Empresa	Outubro/11	Conflicto cun estudante
Estudantes	Fac. de CC da Saúde	Outubro/11	Expediente académico
Estudantes	ETS de Arquitectura	Outubro/11	Información de axudas a deportistas da UDC

Estudantes	Fac. de Dereito	Outubro/11	Información de atención á discapacidade
PAS	Secretaría Xeral	Outubro/11	Solicitude de asesoramento
Estudantes	Fac. de Economía e Empresa	Outubro/11	Perda de título académico
Estudantes	ETS de Arquitectura	Novembro/11	Recargo por morosidade
Alleos	Xerencia	Novembro/11	Reclamación a un tribunal de oposicións
Estudantes	EU Relacións Laborais	Decembro/11	Ausencia do profesor no exame
Estudantes	Fac. de Humanidades	Decembro/11	Premios extraordinarios
Estudantes	Fac. de Filoloxía	Decembro/11	Recoñecemento de créditos
Estudantes	Fac. de CC da Educación	Decembro/11	Peche de actas
Estudantes	EU Relacións Laborais	Decembro/11	Pagamento de taxas
Estudantes	Fac. de Humanidades	Decembro/11	Venda de produtos da UDC
Estudantes	E. Politécnica Superior	Decembro/11	Recargo por morosidade
Estudantes	ETS de Arquitectura	Xaneiro/12	Convocatorias de exames
Estudantes	ETS de Arquitectura	Xaneiro/12	Dereito a exame
Estudantes	E. Politécnica Superior	Xaneiro/12	Revisión de exame
Estudantes	EU de Fisioterapia	Xaneiro/12	Convocatorias oficiais de exames
Estudantes	E. Politécnica Superior	Xaneiro/12	Matricula excepcional para títulos extintos
Estudantes	ETS de Camiños, Canais e Portos	Xaneiro/12	Bolsas Erasmus
Alleos	EU de Fisioterapia	Febreiro/12	Verificación de titulación de alumno da UDC
Estudantes	Fac. de Dereito	Febreiro/12	Recargo por morosidade
Estudantes	Fac. de Filoloxía	Febreiro/12	Cambios de denominación dunha titulación
Estudantes	ETS de Arquitectura	Marzo/12	Cualificación do PFC
Estudantes	Fac. de CC da Educación	Marzo/12	Dereito a exame sen docencia
Estudantes	Fac. de Ciencias	Marzo/12	Denegación da bolsa do MEC
PAS	Fac. de CC da Educación	Marzo/12	Límite de competencias
Estudantes	ETS de Arquitectura	Marzo/12	Convocatorias de exames
Alleos	Xerencia	Marzo/12	Consulta sobre unha praza de laboral
Alleos	Fac. de Ciencias	Marzo/12	Estado dun local concesionario da UDC
Estudantes	ETS de Camiños, Canais e Portos	Abril/12	Reclamación dunha cualificación
Estudantes	Vicerreitoría de Investigación e Tr.	Abril/12	Convocatoria de contratos pre-doutorais
Estudantes	Fac. de Socioloxía	Abril/12	Acceso a un mestrado, sen titulación
Alleos	ETS de Arquitectura	Maió/12	Información de guías docentes
Estudantes	Fac. de Economía e Empresa	Maió/12	Premios extraordinarios
Estudantes	Vicerreitoría de Investigación e Tr.	Maió/12	Reclamacións de contratos pre-doutorais
PAS	Fac. de CC da Educación	Maió/12	Protección de datos
Estudantes	Fac. de Economía e Empresa	Maió/12	Exames e criterios de avaliación
Estudantes	Fac. de CC da Educación	Maió/12	Criterios de avaliación
Estudantes	Fac. de CC da Educación	Xuño/12	Segunda oportunidade de xullo
Estudantes	ETS de Arquitectura	Xuño/12	Prescrición de mestrados
PDI	Fac. CC da Educación	Xuño/12	Segunda oportunidade de xullo
Alleos	ETS de Arquitectura	Xuño/12	Matrícula gratuíta
Alleos	Fac. CC da Educación	Xuño/12	Formación pedagóxica e didáctica
Alleos	LERD	Xuño/12	Acceso á universidade
Estudantes	Fac. CC da Educación	Xuño/12	Criterios de avaliación de mestrado
Estudantes	Fac. de Filoloxía	Xuño/12	Taxas académicas
Estudantes	Fac. CC da Educación	Xullo/12	Criterios de avaliación no doutoramento

Alleos	LERD	Xullo/12	Acceso á universidade
Estudantes	Fac. CC do Traballo	Xullo/12	Criterios de avaliación
Estudantes	ETS de Arquitectura	Xullo/12	Convocatorias de planos antigos
Estudantes	ETS de Arquitectura	Xullo/12	Peche de actas
Alleos	LERD	Xullo/12	Solicitude de asesoramento
Estudantes	Fac. CC da Educación	Xullo/12	Avaliación por compensación
Estudantes	Fac. de Humanidades	Xullo/12	Incidente por comportamento
Estudantes	ETS de Arquitectura	Xullo/12	Consulta do PFC
Estudantes	EU de Arquitectura Técnica	Xullo/12	Criterios de avaliación
Estudantes	Oficina Relacións Internacionais	Xullo/12	Expediente académico

2. QUEIXAS

Para cada queixa ou reclamación que se presenta na Oficina do Valedor Universitario consígnanse os seguintes datos:

- O número con que queda rexistrado o caso.
- A data con que se presenta o caso; o número de rexistro avanza normalmente en paralelo coa data de presentación da queixa, pero en ocasións non existe unha clara correspondencia por se trataren de casos que inicialmente chegaron á Oficina como simples consultas e que, co tempo, acaban derivando en verdadeiras queixas ou reclamacións.
- O motivo da reclamación, entendendo como tal o que manifesta a parte reclamante, independentemente da súa veracidade e de que lle asista ou non a razón.
- A data de inicio das actuacións, tomando como tales os primeiros pasos dados de cara á resolución

da queixa: análise de normativa ou contacto con algún órgano ou servizo.

- Os órganos e/ou servizos contactados e/ou a consulta de normativa para o efecto ou de abundante documentación. Baixo a denominación xenérica de "dirección do centro" inclúese xeralmente o contacto directo con decanos/as ou directores/as de centro, mais tamén, en determinados casos, con outros cargos da dirección. De maneira semellante debe entenderse tamén as actuacións con determinadas vicerreitorías, direccións de departamento e outros órganos citados de forma xenérica.
- A resolución da reclamación, incluídos os aspectos máis relevantes e, de ser caso, os órganos e/ou servizos aos que se lles remite o informe.
- A data da resolución, coincidindo coa da remisión do informe final sobre o caso desde a Oficina.

CASO 434/211 Data 06/09/11

Reclamante: De oficio	Motivo	Atrancos na construción dunha residencia universitaria no campus de Elviña.
Inicio: 06/09/11	Actuacións	Reitor e secretario xeral. Ampla documentación.
Remate: 15/02/12	Resolución	<p>Tras analizar a abundante documentación existente na Secretaría Xeral sobre os trámites relacionados coa realización da urbanización e edificación da Área Residencial Universitaria do Campus de Elviña, remítese un informe ao reitor en que se recollen os seguintes aspectos:</p> <p>1/ Destácase que a falla de residencias públicas na Universidade da Coruña compromete moi seriamente o dereito fundamental de acceso e permanencia na educación superior para numerosos estudantes que carecen de suficientes recursos económicos, asunto que resulta especialmente grave en tempos de crise; salientase tamén como a falla de residencias públicas na UDC estaría a minuar considerablemente as posibilidades de intercambio de estudantes, de persoal investigador e de profesorado con outras institucións nacionais e internacionais, o cal limita gravemente a participación e a competitividade da UDC nun contexto cada vez máis universalizado (EEES, campus de excelencia...);</p>

ponse o acento en como a UDC ve tamén minguado o seu dereito a competir en condicións de igualdade co resto das universidades do sistema universitario galego, o que resulta especialmente lesivo para os seus intereses, máxime cando unha parte dos recursos públicos que a Xunta de Galicia reparte entre as tres universidades está ligada a criterios de competitividade.

2/ Analízanse os pasos dados polos distintos axentes implicados na consecución da área residencial, desde a sinatura –o 3 de abril de 2006– dun convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e a Universidade da Coruña para a xestión urbanística e a adquisición de terreos no campus de Elviña, até a Resolución do 11 de maio de 2011 do propio IGVS pola que este organismo renuncia á realización do contrato que tiña por obxecto a edificación e urbanización da devandita área residencial. A Xunta de Galicia rachou, por tanto, unilateralmente cos compromisos formalmente adquiridos, sen atender mesmo a fórmulas flexibles que lle foran propostas pola UDC e que permitirían a realización da obra con importantes axustes económicos.

3/ Tras comprobar como nestes últimos seis anos, o goberno da UDC fixo todo canto estaba da súa man para poder dotarse dunha residencia universitaria pública no campus de Elviña, conclúese o informe cunha oferta de colaboración por parte do valedor universitario, dentro do seu concreto marco de actuación, na procura de residencias universitarias de titularidade pública e con prezos verdadeiramente públicos para a Universidade da Coruña.

CASO 435/212 Data 09/09/11

Reclamante: Alleo

Inicio: 13/09/11

Remate: 17/02/12

Motivo	Atraso na expedición do título, solicitado en 2008 e aínda sen tramitar por parte do centro.
Actuacións	Sección de Títulos e dirección do centro.
Resolución	Tras comprobar que o centro levaba varios anos sen tramitar os expedientes cara á Sección de Títulos, contáctase co responsable académico do tema no centro, quen informa de que en efecto había un grande atraso debido ao cálculo das medias, mais que todo estaría resolto nun prazo de 15 días. Transcorridos máis de catro meses sen que o asunto se resolvera, a pesar de mediar unha nova conversa e a correspondente promesa, remítese escrito ao director do centro en que se relatan detalladamente os feitos, se destaca a súa gravidade e se lle solicita a súa implicación directa na busca dunha inmediata solución. Aos poucos días o responsable académico pide desculpas, comunica que os expedientes correspondentes ao 2007 veñen de ser tramitados e que os do resto das promocións pendentes se irían tramitando de seguido. Transcorrido un tempo, desde a Oficina do Valedor Universitario contáctase de novo coa Sección de Títulos e compróbase que así se estaba a facer.

CASO 436/213 Data 07/09/11

Reclamante: PAS

Inicio: 07/09/11

Remate: 14/09/11

Motivo	Desconformidade cos criterios de valoración para a cobertura temporal dunha praza de laboral.
Actuacións	Director do servizo/presidente do tribunal de selección.
Resolución	Tras una serie de consultas por parte da persoa interesada finalmente ábrese expediente e solicítaselle ao presidente do tribunal concreción sobre os criterios utilizados para a valoración de méritos. O presidente do tribunal remite unha detallada resposta que se lle envía á persoa interesada.

CASO 437/214 Data 16/09/11

Reclamante: Alleo	Motivo	Un familiar dun alumno con discapacidade denuncia barreiras arquitectónicas para o acceso na Casa do Francés.
Inicio: 16/09/11	Actuacións	SAPE e Servizo de Estudantes.
Remate: 11/05/12	Resolución	Tras contactar co Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos, a directora do SAPE informa de que se está a redactar o correspondente proxecto de accesibilidade, co compromiso de execución antes de que remate o ano. Dado que a situación se prolonga no tempo seguimos a interesarnos pola súa pronta resolución, até que en maio de 2012 o xefe do Servizo de Estudantes nos informa de que segundo lle comunican do Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos xa se dispón da licenza de obras e que o seu comezo está previsto para o mes de xuño.

CASO 438/215 Data 20/09/11

Reclamante: Persoal do capítulo VI	Motivo	Persoal contratado con cargo aos fondos do Capítulo VI que primeiramente fora admitido nun curso de formación para posteriormente ser excluído del dun xeito informal. Cuestiónase a forma e o fondo da súa exclusión.
Inicio: 22/09/11	Actuacións	Xerencia.
Remate: 29/09/11	Resolución	Infórmase ás persoas reclamantes de que a Xerencia admite un erro na relación de persoas admitidas ao curso e que unha vez advertido procedeu a comunicar a exclusión ás persoas afectadas de xeito personalizado, mais iso non implicaba que non se fora realizar unha corrección formal. No informe recóllense tamén as alegacións da Xerencia para xustificar a exclusión do curso deste persoal: "a convocatoria explícita que o curso está dentro da oferta de accións formativas do Plan de formación integral do PAS, ao abeiro do cal se publica a convocatoria...estes cursos son financiados con fondos que proceden de partidas orzamentarias do Capítulo I e que se refiren a persoal de administración e servizos".

CASO 439/216 Data 26/09/11

Reclamante: Alumno	Motivo	Revisión da cualificación nunha materia, mantida pola comisión académica do centro.
Inicio: 27/09/11	Actuacións	Dirección do centro.
Remate: 03/11/11	Resolución	Infórmase ao alumno de que o seu proceso de reclamación non estaba aínda pechado e que debía esperar a que rematase. Tras resolver a comisión de docencia e ao non estar de acordo coa resolución, o alumno solicita novamente que se analice a súa reclamación. Visto o informe e analizada a completa documentación remitida polo centro non se aprecia ningunha anomalía.

CASO 440/217 Data 28/09/11

Reclamante: Alumna	Motivo	Erros no expediente académico que lle impiden solicitar unha bolsa para un mestrado.
Inicio: 28/09/11	Actuacións	Administración do centro e Sección de Bolsas.
Remate: 29/09/11	Resolución	Infórmase á reclamante de que pode seguir cos trámites da bolsa; os problemas informáticos que afectaban ao cálculo das medias dos expedientes xa se estaban a solucionar.

CASO 441/218 Data 30/09/2011

Reclamante: PAS	Motivo	Solicitud de informe sobre un incidente relacionado co atraso no pagamento das bolsas Leonardo da Vinci, que fora tratado persoalmente na oficina do valedor universitario.
Inicio: 05/10/2011		
Remate: 05/10/2011	Actuacións	Normativa.
	Resolución	Redáctase o informe solicitado pola persoa interesada.

CASO 442/219 Data 14/10/2011

Reclamante: Alumno	Motivo	Solicitud de adaptación ao grao fóra de prazo debido á información recibida por parte da Administración.
Inicio: 17/10/2011		
Remate: 24/10/2011	Actuacións	Dirección do centro.
	Resolución	A pesar de que desde a dirección do centro se considera que a información proporcionada ao reclamante parecía estar exenta de erros, admítase que puido haber un malentendido e decídese resolver favorablemente para o alumno. A resolución afecta tamén positivamente a dúas alumnas que estaban en similares circunstancias.

CASO 443/220 Data 07/09/2011

Reclamante: Alumno	Motivo	Revisión e corrección de cualificacións nunha materia. O alumno presentara dúas reclamacións, unha ante o reitor e outra ante o director do centro.
Inicio: 08/10/2011		
Remate: 26/10/2011	Actuacións	Servizo de Organización Académica, administración do centro.
	Resolución	Infórmase ao alumno de que a reclamación que presentara ante o reitor está resolta e que a resolución lle fora remitida ao seu domicilio, mais foi devolta polo servizo de correos tras deixarlle o correspondente aviso para retirar o envío e sen que este fora recollido. Notifícase tamén que a reclamación presentada a primeiros de xullo ante o director do centro estaba a tramitarse e á espera de recibir resposta por parte do departamento.

CASO 444/221 Data 21/10/2011

Reclamante: Alumna	Motivo	Denegación de recoñecemento de créditos por experiencia profesional.
Inicio: 21/10/2011		
Remate: 11/11/2011	Actuacións	Dirección do centro e Servizo de Organización Académica.
	Resolución	Emítase un informe, que se lle envía á reclamante, ao reitor, a vicerreitora de Organización Académica e Titulacións e á decana do centro en que, logo de analizar a lexislación e a normativa de aplicación, e tras salientar que cando foron verificados os plans de estudos agora en vigor na UDC o recoñecemento de créditos por experiencia laboral e profesional aínda non fora recollido pola lexislación, se recomenda un esforzo suplementario dos órganos de goberno da universidade para poder dar unha rápida e eficaz resposta ao recoñecemento de todo tipo de créditos a que a lexislación vai dando cabida.

CASO 445/222 Data 14/10/2011

Reclamante: Asociación de estudantes	Motivo	Petición da creación dunha convocatoria de exames excepcional para o estudiantado da licenciatura en Dereito que non acade o título a 31/10/2011
Inicio: 14/10/2011	Actuacións	Servizo de Organización Académica.
Remate: 17/10/2011	Resolución	O escrito fora remitido ao decano con copia ao valedor universitario. Ao interesarnos polo asunto, infórmase nos de que xa non se pode facer nada ao respecto por mor do escaso prazo existente.

CASO 446/223 Data 21/10/2011

Reclamante: Alumnado	Motivo	Retirada do acceso á plataforma Moodle ao alumnado da EU de Relacións Laborais da Coruña.
Inicio: 26/10/2011	Actuacións	Dirección do centro, Vicerreitoría de Organización Académica e Titulacións, Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías, Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais, e Vicerreitoría de Profesorado.
Remate: 10/11/2011	Resolución	Comunicáselle ás persoas interesadas que a Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías informa de que a Universidade decidiu abrir o acceso á plataforma Moodle aos centros adscritos e que se está a estudar a forma de levalo a cabo.

CASO 447/224 Data 24/10/2011

Reclamante: Asociación de estudantes	Motivo	Solicítase unha análise sobre a necesidade de dar publicidade nun taboleiro público do centro ás convocatorias da xunta de centro, da comisión permanente e das comisións delegadas da xunta de centro para facilitar así que todos os membros do centro que o desexen poidan solicitar asistir ás sesións, con voz máis sen voto.
Inicio: 24/10/2011	Actuacións	Normativa.
Remate: 04/11/2011	Resolución	Emítase un informe en que se conclúe que, segundo o regulamento de réxime interno do centro, o carácter público das sesións limitase á xunta de centro, e que os dereitos de participación de todos os membros do centro quedan garantidos a través da participación activa dos seus representantes nos distintos órganos de goberno e, eventualmente, da súa intervención directa nunha xunta de centro.

CASO 448/225 Data 28/09/2011

Reclamante: Alumno	Motivo	Anulación da matrícula unha vez admitido.
Inicio: 26/10/2011	Actuacións	Administración do centro, Servizo de Organización Académica, Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais e Servizo de Estudantes.
Remate: 10/07/2012	Resolución	O asunto comezou como consulta, e logo de máis de seis meses desde que presentara unha reclamación ante o reitor, o alumno solicita a intervención do valedor universitario para interesarse polo caso. A dita intervención remata comunicándolle ao alumno que, aínda que con retraso, o caso segue o seu curso e no Servizo de Estudantes está xa elaborado o correspondente informe.

CASO 449/226 Data 25/10/2011

Reclamante: Alumno	Motivo	Non recoñecemento de créditos por estudos de formación profesional aos que se considera ter dereito.
Inicio: 25/10/2011	Actuacións	Administración e dirección do centro.
Remate: 07/11/2011	Resolución	Infórmase ao alumno de que para o recoñecemento dese tipo de créditos existe un catálogo aprobado no marco dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as tres universidades galegas, e que o grao para o que solicita o recoñecemento figura na relación de estudos universitarios sen táboa de recoñecemento directo de créditos. Comunícaselle, así mesmo que, segundo informan desde o centro, o asunto xa fora estudado no seu día e non se vira nin correspondencia nos contidos nin nas competencias das materias de ambos os estudos.

CASO 450/227 Data 09/11/2011

Reclamante: Persoal do capítulo VI	Motivo	A ineficacia burocrática ou o deliberado atraso da Xunta de Galicia na concesión das axudas do Programa María Barbeito na convocatoria de 2009 terían como consecuencia a perda do cobro de dous dos 24 meses establecidos na convocatoria (por mor da sinatura do contrato en febreiro). Dado que aínda non se convocou a prórroga, cabe agardar que no mellor dos casos os posibles beneficiarios poderían percibirlos cun grande atraso e incerteza.
Inicio: 09/11/2011	Actuacións	Servizo de Investigación e normativa.
Remate: 07/12/2011	Resolución	Compróbase que a Universidade da Coruña cumpriu coas súas obrigas, pois asinou o contrato do reclamante dentro do prazo de 10 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución de adxudicación no DOG (publicación o 15 de xaneiro e sinatura do contrato o 22 de xaneiro); constátase que na orde da convocatoria a duración das axudas non está fixada para dous anos mais para un máximo de dous anos; e apréciase que no DOG do 22 de novembro de 2011 se publicou a orde do 16 de novembro da Consellería de Educación Universitaria pola que se convocan as prórrogas. Infórmase ao reclamante de todos estes extremos e de que sobre este tipo de contratos a universidade só ten competencias na xestión, ao tempo que se lle lembra que o marco de actuación do valedor universitario se circunscribe á universidade.

CASO 451/228 Data 10/11/2011

Reclamante: Alumna	Motivo	A información facilitada publicamente sobre o seguro HAC LUCE resulta enganosa ao incluír que cobre o envío dun familiar en caso de hospitalización sen indicar que para iso se require que a hospitalización mínima sexa superior a sete días.
Inicio: 17/11/2011	Actuacións	Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais.
Remate: 26/12/2011	Resolución	Envíaselle á interesada a información remitida pola vicerreitora, quen tras solicitar un informe do Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica se compromete a tomar as medidas oportunas para modificar e clarear a información que aparece nos trípticos.

CASO 452/229 Data 11/11/2011

Reclamante: Alumna	Motivo	A reclamante di merecer aprobar unha materia cuxa cualificación da convocatoria ordinaria recorreu sen éxito ante a dirección do centro e mais en recurso de alzada. A hipotética rectificación dunha puntuación parcial, que considera inxusta, podería permitirlle acadar o aprobado na convocatoria de setembro.
Inicio: 22/11/2011		Con data 20 de decembro presenta unha nova solicitude de amparo sobre a mesma materia, ao considerar que o exame da convocatoria de decembro non se adapta ao recollido na guía docente e que a puntuación outorgada non é correcta.
Remate: 29/02/2011	Actuacións	Dirección do centro e Servizo de Organización Académica.
	Resolución	Logo de ver a documentación da primeira reclamación, comunícaselle á interesada que ambas as resolucións parecen plenamente fundadas e sen tacha de legalidade ningunha. Ao analizar a segunda reclamación, atendendo ao manifesto verbalmente pola alumna, e vista a guía docente da materia, aconséllaselle presentar un recurso ante a dirección do centro, dado que na guía docente da materia non se fan explícitos os criterios de avaliación que se van empregar nas convocatorias extraordinarias e a interesada non podía facilmente prever que se ían empregar criterios de avaliación distintos nas dúas convocatorias extraordinarias. O 29 de febreiro de 2011 publícase unha resolución favorable á interesada por acordo da comisión de docencia do centro, copia da cal é enviada ao valedor universitario.

CASO 453/230 Data 19/11/2011

Reclamante: Alumna	Motivo	Incompatibilidades horarias entre materias de distintos cursos do plan de estudos que se vai extinguir.
Inicio: 21/11/2011	Actuacións	Dirección do centro e Vicerreitoría de Organización Académica e Titulacións.
Remate: 05/01/2012	Resolución	Tanto a dirección do centro como a Vicerreitoría amósanse sensibles ás dificultades a que terán que se enfrontar moitos alumnos do plan de estudos en extinción por coincidencias horarias entre materias de distinto curso. A vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, facéndose eco dunha suxestión remitida polo valedor universitario, enviou unha circular ao centro para solicitar que na medida das súas posibilidades sexa atendida a seguinte suxestión: "Sempre que as ensinanzas dunha materia dun plan de estudos que se vai extinguir estean organizadas en máis dun grupo, os alumnos dos planos de estudo en extinción matriculados en materias con horarios coincidentes terán dereito a solicitar cambio de grupo para poder compatibilizar horarios". A comisión permanente do centro acorda facilitar o cambio de grupo aos alumnos das materias que foran obxecto da reclamación, o que se lle comunica á interesada.

CASO 454/231 Data 16/12/2011

Reclamante: Alumna	Motivo	Falla de pagamento da metade dunha bolsa por parte da empresa onde realizou as prácticas remuneradas ao abeiro dun convenio de cooperación educativa. A reclamante indica que un compañeiro seu se atopa na mesma situación.
Inicio: 19/12/2011	Actuacións	Responsable das prácticas externas do centro, Asesoría Xurídica e Secretaría Xeral.
Remate: 09/05/2012	Resolución	Desde a Secretaría Xeral envíase un escrito á empresa, en que se lle insta a cumprir cos compromisos adquiridos no convenio asinado coa UDC e, en consecuencia, a pagarlles aos alumnos as cantidades adebedadas.

CASO 455/232 Data 21/12/2011

Reclamante: Alumno	Motivo	Irregularidades administrativas e trato discriminatorio entre o alumnado da USC e o da UDC nun mestrado interuniversitario que producen graves prexuízos.
Inicio: 23/12/2011	Actuacións	Normativa.
Remate: 23/12/2011	Resolución	Aínda que o reclamante, cando presenta a queixa, está matriculado na Universidade da Coruña, os feitos denunciados corresponden ao curso académico precedente en que era alumno da Universidade de Santiago de Compostela. Comunícaselle ao reclamante que o caso está fóra das competencias da Oficina e non pode ser admitido a trámite.

CASO 456/233 Data 22/11/2011

Reclamante: Alumnos/as	Motivo	“Manifesto” asinado por máis de 200 alumnos/as en que denuncian numerosas deficiencias e disfuncións no funcionamento do seu centro ao tempo que presentan propostas de mellora. Demandan, entre outras cousas, as seguintes: un trato correcto nas aulas co fin de evitar descualificacións persoais, que se evite o absentismo do profesorado e se controlen os horarios, que se investiguen as causas dos malos resultados nalgunhas materias, que se respecten os períodos de publicación de notas, revisión de exames e actas, que os traballos realizados teñan un peso real na cualificación das materias, que se publiquen as cualificacións parciais dos traballos para evitar incertezas, que se unifiquen criterios e exames, que os departamentos se coordinen debidamente para poder utilizar proxectos dunhas materias para outras, que se evite que haxa materias cuadrimestrais a funcionaren na práctica como anuais, que a importancia do informe do/a titor/a do PFC sexa real para así evitar tensións insoportables o día da presentación, que se modifiquen os requisitos para a realización de intercambios con outras universidades e non se esixa ter o primeiro ciclo completamente aprobado etc.
Inicio: 26/12/2011	Actuacións	Dirección do centro.
Remate: 02//04/2012	Resolución	<p>O equipo directivo do centro asina un detallado escrito de resposta en que, tras sinalar que calquera suxestión ou reclamación presentada polo alumnado lle merece a maior atención e consideración, indica que desde a súa recente toma de posesión mantén un constante contacto coa realidade do día a día do centro, asumindo unha actitude vixiante e actuando con rapidez cando se detecta algunha disfunción que deba ser corrixida. Dito isto, salienta que se trata dun escrito de denuncia sen ningún dato concreto verificable e, após de lamentar que fose entregado na Oficina do Valedor sen previamente ter noticia ningunha ao seu respecto, rexeita con rotundidade a forma e o fondo do escrito ao tempo que sinala os vieiros polos que algúns dos aspectos denunciados se están a corrixir na actualidade.</p> <p>Concretamente, no mencionado escrito de alegacións, a dirección do centro alude explicitamente ao creto e á transcendencia que o valedor lle concedeu ao mencionado “manifesto”. Por esta razón, o valedor universitario remítelle un escrito en que, tras agradecer a súa detallada resposta ao escrito de denuncia, destaca os pasos que se deran antes da aceptación a trámite do escrito de denuncia e mais os indicios que tomara en consideración para así actuar:</p> <p>[Pasos previos.- O valedor tivo coñecemento do manifesto por primeira vez o 24 de xuño de 2011, con ocasión dunha entrevista solicitada polo primeiro asinante do manifesto. Nesta e noutras conversas diversos asinantes transmitíranlle que estaban cansos do que para eles era un cúmulo de situacións impropias de seren sufridas por alumnos universitarios aos que lles asisten uns dereitos como estudantes e que son merecedores dun respecto como persoas. Desde o primeiro momento o valedor transmite aos interlocutores que a mellor vía é a do diálogo sosegado coa dirección do centro, mais estes amósanse pouco confiados e temerosos de represalias. Ao comezo do novo curso, e tras apreciar indicios suficientes para ocuparse do caso, o valedor insiste de novo na súa proposta de diálogo, toda vez que se iniciou un proceso electoral á dirección do centro; o valedor suxire que se discuta abertamente cada punto do manifesto</p>

cos/as futuros/as candidatos/as, ou con quen resulte finalmente electo/a. Tras tomarse un tempo para analizar esas posibilidades, os asinantes declinan facer uso desa vía, e o 22 de novembro de 2011 presentan o manifesto no rexistro da oficina do valedor e solicitan a súa intervención para manter a confidencialidade das persoas asinantes]

[Indicios.- O tempo medio que lle leva rematar a carreira a un alumno duplica o previsto no plan de estudos, a pesar da nota de corte dos últimos anos e de tratarse dunha carreira de marcado carácter vocacional; o número de queixas recibidas na oficina do valedor era particularmente elevado en comparación con outros centros; algunhas queixas concretas recibidas recentemente na Oficina do Valedor constituían claros sinais de alarma; nos arquivos da Oficina comprobouse que cando menos parte dos aspectos que se estaban a denunciar foran xa obxecto de queixa no pasado; o valedor non alcanza a comprender como un elevado número de alumnos se xunta, discute e elabora un manifesto para pedir o que xa ten.]

Tras manifestar o seu acordo coa dirección do centro en que se lle debe dar unha marxe razoable de tempo, o valedor comenta que dificilmente cabe agardar melloras cando estas se consideran innecesarias, e salienta que sempre transmitiu aos alumnos que o novo director lle parecía unha persoa aberta ao diálogo e comprometida coa mellora do centro.

Remítese unha copia deste informe ao primeiro asinante do manifesto, xunto con outro escrito en que se recollen as respostas concretas dadas pola dirección do centro aos 10 puntos do manifesto e no que o valedor recomenda ás persoas reclamantes o seguinte:

- Que colaboren coa dirección do centro e lle fagan chegar calquera disfunción que eventualmente consideren que se está a producir, tanto no ámbito estritamente académico como no persoal, e denunciaren, se for o caso, tratos impropios que puideren afectar á dignidade das persoas, máis aló da necesaria e útil crítica construtiva centrada en vulgar o traballo académico.

- Que non teñan medo a ningún tipo de represalias por parte de ninguén e que, no moi improbable caso de que algún profesor optase por esa vía como medida de resposta ás lexítimas demandas dun alumno, non terían máis que poñelo en coñecemento dos órganos de goberno do centro e/ou do valedor universitario. Finalmente, e para a súa información, remítese unha copia deste último escrito ao director do centro e mais unha copia de todos os escritos intercambiados coa dirección do centro e coas persoas reclamantes ao reitor.

CASO 457/234 Data 19/12/2011

Reclamante: Alumno

Inicio: 22/12/2011

Remate: 13/01/2012

Motivo	Recargo por morosidade no pagamento do segundo prazo de matrícula por imprecisión e falla de información.
Actuacións	Administración do centro e Servizo de Organización Académica.
Resolución	As imprecisións na información sobre os prazos poderían ter levado a unha confusión sobre a data límite para o pagamento do segundo prazo da matrícula. En todo caso esta información por si soa non podía dar pé a interpretar que o prazo fixado na Normativa de xestión académica (1 ao 13 de decembro) podía ir máis aló do 15 de decembro. Dado que o atraso do reclamante se prolongou até o 19 de decembro, o recargo por morosidade parece xustificado e así se lle notifica. No entanto, dirixíase un escrito ao xefe de Servizo de Organización Académica en que, tras destacar que algúns aspectos poderían resultar confusos ou contradictorios, se lle solicita que considere determinadas melloras paliativas que se lle suxiren tanto no relativo ao contido dos diferentes documentos como á publicidade sobre os prazos. Así mesmo, comunícaselle que de se dar o caso de cobros por morosidade nalgún centro a pagamentos efectuados os días 14 e 15 de decembro, parecería procedente a súa devolución de oficio. Sobre este último extremo infórmase tamén directamente á administración do centro obxecto da reclamación.

CASO 458/235 Data 20/12/2011

Reclamante: Alumno	Motivo	Recoñecemento de créditos insuficiente por materias superadas noutras titulacións e mais por ampla experiencia profesional. Resolución de desestimación pouco motivada.
Inicio: 20/12/2011		
Remate: 16/01/2012	Actuacións	Normativa.
	Resolución	Comunícase ao reclamante que o recoñecemento de créditos por experiencia profesional debe figurar nos plans de estudos verificados e que, recentemente, con ocasión dun caso semellante, desde a Oficina do Valedor Universitario se remitiu un informe aos órganos de goberno correspondentes en que se solicitaba unha rápida e eficaz resposta ao recoñecemento de todo tipo de créditos a que a lexislación vai dando cabida. En relación coa validación de materias, transmíteselle que, se considera que non é a que lle correspondería e que a resolución que as desestima non está suficientemente motivada, pode interpoñer un recurso de alzada.

CASO 459/236 Data 12/01/2012

Reclamante: Alumna	Motivo	Concesión irregular de bolsas para estadías. Denuncia de agravios comparativos alegando que non se presentara á convocatoria porque incumpría un dos requisitos e resultou que outros estudantes, nas mesmas circunstancias, que si se presentaron si lles foi outorgada.
Inicio: 13/01/2012		
Remate: 19/01/2012	Actuacións	Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais.
	Resolución	Unha vez outorgadas as bolsas a quen cumpría cos requisitos estipulados, a comisión correspondente considerou tamén as solicitudes de quen non cumpría co requisito para así evitar deixar desertas un certo número de bolsas. Dirixese un informe á vicerreitora e presidenta da comisión en que se recomenda para próximas convocatorias que se recolla tamén a posibilidade de participación de estudantes que non cumpren con ese requisito por se quedase algún remanente. Para paliar ou, cando menos, aliviar a sensación de agravio comparativo xerada nesta ocasión, solicítaselle que se consideren as seguintes posibilidades: 1) Retrotraer a convocatoria ao inicio para dar cabida a todas as persoas solicitantes que incumprían o requisito; 2) Anular a adxudicación de bolsas a quen non cumpríu estritamente cos requisitos e publicar unha segunda convocatoria para a adxudicación desas bolsas aberta ás persoas candidatas que incumprían o requisito; 3) Se por cuestións legais ou de prazo estas dúas opcións resultaren inviables, debería considerarse a posibilidade de que a UDC outorgara, motu proprio, de maneira excepcional, e tras o correspondente proceso de selección por méritos, un complemento económico a un mesmo número de estudantes que os que obtiveron bolsa sen cumprir estritamente cos requisitos da convocatoria. Infórmase de todo isto á reclamante, ao tempo que se lle comunica que, por non ser ela parte directamente implicada no procedemento, non tería cabida un recurso seu contra a resolución da convocatoria.

CASO 460/237 Data 17/01/2012

Reclamante: Alumna	Motivo	Falla de información no recargo por morosidade no pagamento do segundo prazo de matrícula. Considérase inxusto que polo atraso no pagamento dunha pequena cantidade se lle aplique un recargo que excede a cantidade adebedada.
Inicio: 19/01/2012		
Remate: 19/01/2012	Actuacións	Normativa.
	Resolución	Informáselle de que a administración do seu centro aplicou a normativa establecida e que tanto o recargo como os prazos para facer efectivo o pagamento fraccionado da matrícula veñen recollidos na Normativa de xestión académica da UDC e que, aínda que mellorables, as canles de información de que dispón o alumnado para ese tipo de procedementos son as habituais. Comunícaselle, así mesmo, que a cantidade fixada como recargo é unha cantidade fixa (30 euros) que foi establecida polo pleno do Consello Social da UDC.

CASO 461/238 Data 18/01/2012

Reclamante: Alumnas/os

Inicio: 20/01/2012

Remate: 29/05/2012

Motivo

O exame da convocatoria de decembro dunha materia non se axustou á docencia impartida, xa que das seis preguntas formuladas, só unha se corresponde cos contidos que lle foron impartidos ao grupo no curso precedente. Con anterioridade á realización do exame as persoas reclamantes remitiran un escrito á dirección do departamento e á dirección do centro en que pedían ser examinadas na convocatoria de decembro dos contidos que lles foran impartidos ao seu grupo, posto que a materia fora impartida desde dous puntos de vista moi distintos polo profesor encargado de poñer o exame na convocatoria de decembro e polos profesores que lles deran clase.

Actuacións

Dirección do departamento, dirección do centro, Secretaría Xeral e Servizo de Organización Académica.

Resolución

Analizada a queixa, aconséllase e asesórase as/aos reclamantes de cara á presentación dunha reclamación ante a dirección do centro para solicitar a realización dun novo exame, dado que, de efectivamente se produciren os feitos denunciados, podería terse incumprido coa norma, e especialmente co artigo 17 da Normativa académica de avaliacións, de cualificacións e reclamacións, que recolle explicitamente: "O estudantado ten dereito a ser avaliado con garantías de equidade e de xustiza e mais de acordo co programa que se impartiu". Tras unha consulta técnica á Reitoría acordada pola comisión docente do centro, e a intervención do valedor universitario polo grande atraso que se estaba a producir na resolución dos feitos denunciados, o 28 de maio de 2012 a comisión docente resolveu favorablemente a reclamación e solicitoulle ao departamento a realización dun novo exame da materia acorde coa programación, metodoloxía e criterios de avaliación seguidos no grupo a que pertencían as persoas reclamantes.

CASO 462/239 Data 31/01/2012Reclamante: Alumno
(representante)

Inicio: 09/02/2012

Remate: 16/02/2012

Motivo

Solicitud de que se inicie un expediente sancionador e disciplinario a un profesor para que deixe de ser docente na Universidade da Coruña. Alega ataques, injurias e calumnias tanto públicas como por escrito, que se terían producido nos últimos anos por parte do docente, dirixidas á súa persoa e ao resto da comunidade universitaria, o cal provoca ao mesmo tempo unha imaxe lamentable da universidade.

Actuacións

Dirección do centro, dirección do departamento, reitor.

Resolución

O reclamante acompaña o seu detallado escrito de denuncia con documentación de apoio. Diante da gravidade dos feitos denunciados e co fin de facer unha primeira comprobación da súa verosimilitude, decídese sondar a opinión daquelas persoas que, en razón do seu cargo, coñecen de primeira man a actitude e o proceder do reclamante e mais do denunciado. Así, o valedor universitario reúne-se conxuntamente coa dirección do centro e a dirección do departamento para analizar polo miúdo o contido do escrito de denuncia e que tivo como resultado a corroboración dos diferentes extremos da queixa. É máis, cando menos unha parte dos conflitos estarían documentados, por se produciren no ámbito do departamento ou do centro, e abundante documentación estaría xa en poder da Reitoría. Con eses indicios, o 16 de febreiro de 2012 o valedor universitario decide enviar o expediente ao reitor e solicitarlle a apertura de dilixencias informativas e, no seu caso, a instrución de expediente, sempre actuando coa máxima prudencia e mesmo analizando o grao de consciencia do denunciado sobre o alcance das súas actuacións, na procura dunha axeitada reparación dos prexuízos que as súas actuacións puidesen ter causado, e máis de poñer freo a comportamentos que estarían a danar moi seriamente as persoas, os órganos e a imaxe da institución.

CASO 463/240 Data 01/02/2012

Reclamante: Alumna	Motivo	Non validación dunha materia aprobada na convocatoria de decembro para un estudo propio e non devolución das correspondentes taxas de matrícula xa aboadas. Dificultades para rematar os estudos nun plan en extinción e información sobre posibles alternativas.
Inicio: 07/02/2012		
Remate: 01/06/2012		
	Actuacións	Administración do estudo propio, LERD, Servizo de Organización Académica e Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías.
	Resolución	O asunto referido á validación e ao pagamento de taxas de validación resólvese favorablemente ao teren lugar novas reunións da comisión académica do estudo propio e máis da Comisión de Plans de Estudos da UDC. Canto ás materias de plans que se van extinguir, infórmase sobre dous acordos aprobados polo Consello de Goberno da UDC: "Acordo sobre convocatorias en titulacións únicas no SUG" e "Acordo sobre convocatoria para alumnos de plans extinguidos".

CASO 464/241 Data 14/02/2012

Reclamante: Alumno	Motivo	Por un erro non se matriculou do curso completo nun mestrado, malia cursar todas as materias, o cal lle suporía a non superación de todas as materias e a perda dunha bolsa do Ministerio. Así mesmo, estaba a piques de serlle denegada unha ampliación de matrícula.
Inicio: 14/02/2012		
Remate: 17/02/2012		
	Actuacións	Administración, coordinador do mestrado, Servizo de Organización Académica e Vicerreitoría de Titulacións, Calidade e Novas Tecnoloxías.
	Resolución	Ao apreciarse claramente que non houbo mala fe á hora de realizar a matrícula, e tendo en conta o alcance dos prexuízos que se derivarían da denegación da súa solicitude, o asunto resólvese favorablemente para o interesado.

CASO 465/242 Data 17/02/2012

Reclamante: Colectivo de alumnos	Motivo	Incumprimento sistemático da normativa por parte dun profesor que adoita publicar as notas finais unha ou dúas semanas despois do peche de actas e non custodia os exames, senón que lles entrega aos alumnos unha vez corrixidos e estes pódenos levar para as súas casas. Solicitude dun informe ao valedor sobre as resolucións xa emitidas.
Inicio: 22/02/2012		
Remate: 23/05/2012		
	Actuacións	Dirección do departamento, dirección do centro, representante do alumnado nos órganos de goberno, Xunta de PDI e Vicerreitoría de Títulos e Novas Tecnoloxías.
	Resolución	Dado que unha parte do asunto fora xa obxecto de reclamación pola vía administrativa, o valedor universitario límitase a asesorar o alumnado sobre todos os aspectos que o rodean, coa vista posta no día despois e, especialmente, sobre como proceder ante as demandas do profesor na procura de recuperar os exames que lles foran entregados. Unha vez que se produce a resolución e como esta non responde ás expectativas do alumnado, xa que non se procede á revisión dos seus exames por outros profesores, xérase unha serie de protestas que mesmo teñen eco na prensa local. O valedor universitario remite un escrito ao director do departamento, ao director do centro e ao vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías para informalos do contido das informacións por el transmitidas ao alumnado e solicitar a colaboración de todos para levar a bo termo o proceso, tras salientar que: "A normativa académica de avaliacións, de cualificacións e reclamacións da UDC establece un procedemento que pretende garantir axeitadamente a revisión dos exames en caso de reclamación. Dentro da norma, para min as máximas garantías conseguiríanse cunha nova avaliación dos exames por profesores expertos ou con amplos coñecementos na materia. Esta é a principal demanda dos alumnos e, por considerala xusta, penso que tamén será vista con bos ollos polo propio profesor e polos diferentes órganos inmersos no proceso". Con data de 28 de marzo de 2012, o secretario da Xunta de Persoal Docente

e Investigador remítelles ao valedor universitario e ás autoridades académicas precitadas un escrito cos acordos do pleno da Xunta de PDI en que amparan o profesor e interpretan que o valedor universitario estaría a actuar fóra da norma. Ese mesmo día, o valedor universitario dirixe un conciso escrito ao presidente da Xunta de PDI (con copia ás devanditas autoridades) para que llo transmita ao pleno. Nel, e tras diversas consideracións sobre as funcións que competen ao valedor universitario e o seu marco de actuación, remata lembrando que: “No exercicio das súas funcións, o valedor universitario non está sometido a mandato imperativo de ningún tipo, nin recibe instrucións de ningunha autoridade académica nin órgano de goberno unipersoal ou colexiado.”

Tras unha segunda reclamación por parte do alumnado, centrada xa nos exames e unha vez transcorrido o prazo de revisión ante o profesor, e como queira que se resolverse sen se proceder á revisión do seu contido por parte da comisión nomeada polo departamento, o 18 de maio de 2012 un colectivo de alumnos presenta un escrito na Oficina do Valedor Universitario en que solicita axuda para clarexar as circunstancias en que se resolveron as dúas reclamacións presentadas, así como o punto de vista do valedor sobre as resolucións xa emitidas. Logo de analizar toda a documentación dos procesos ao respecto, envíase un detallado informe en que, entre as diversas consideracións expresadas polo valedor sobre cada unha das reclamacións, cómpre destacar polo seu carácter conclusivo o seguinte parágrafo: “Na miña opinión, por unha mera cuestión de forma que mesmo non tiveron ocasión de emendar (de entenderse que iso fora preciso para clarificar a súa solicitude), non se debe en modo ningún deixar os estudantes sen a posibilidade de exercer os dereitos que regulamentariamente lle son recoñecidos, máxime cando, en condicións normais, unha revisión de exames por expertos non debería repercutir negativamente sobre ningún sexa cal for o seu resultado. Por riba, no caso que nos ocupa o profesor di dedicar un considerable tempo á corrección de exames para facelo de xeito rigoroso, polo que aínda entendendo e respectando o pleno dereito que ten a alegar todo aquilo que considere oportuno, non alcanzo a comprender o porqué da súa oposición frontal á revisión dos exames no contexto das reclamacións que se formularon, e especialmente da segunda”.

CASO 466/243 Data 20/02/2012

Reclamante: PDI

Inicio: 23/02/2012

Remate: 25/06/2012

Motivo Irregularidades no departamento: denuncia ilegalidade no proceso de selección dun bolseiro e solicita opinión sobre supostas irregularidades cometidas no departamento que lle estarían a afectar e que pensa que poden constituír acoso laboral.

Actuacións Normativa, Asesoría Xurídica, Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente, e Vicerreitoría de Investigación.

Resolución Ao ter xa reclamado a suposta ilegalidade ante o reitor, comunícaselle ao reclamante que o valedor universitario non pode intervir nunha reclamación que está pendente de resolución por outro órgano.

No relativo aos aspectos sobre os que solicita opinión, pídeselle información adicional que permita analizalos en profundidade. Unha vez que se recibe a información –verbo da posibilidade de estar a sufrir acoso laboral–, encadéanse unha serie de respostas e novas preguntas/sospeitas de irregularidade cometidas no departamento e, especialmente, por parte do seu director. Desde a Oficina do Valedor Universitario vaise dando resposta paulatina a cada cuestión do reclamante e indícaselle as fontes ás que el mesmo podería acudir directamente para informarse, até que finalmente se lle lembra que o profesorado debería coñecer as normas básicas que rexen o funcionamento do consello de departamento e da xunta de facultade, para poder así contribuír á mellora do seu funcionamento e, chegado o caso, defender mellor os seus dereitos. Transcorridos apenas dous meses, o reclamante volve efectuar consultas sobre vellas e novas supostas irregularidades. Tras lles dar resposta e pedirlle que el mesmo vaia documentándose sobre os asuntos que lle preocupan, o valedor invítalo a unha reunión para falar amplamente sobre a súa situación no departamento se así o estimar oportuno. A reunión prodúcese o 25 de xuño de 2012 na Oficina do Valedor Universitario e o reclamante comunica que presentará unha queixa formal por presunto acoso laboral ante esa mesma oficina.

[Este caso ten continuidade no caso cuxa referencia é 480/257, pois finalmente a queixa presentouse con data 17 de xullo de 2012].

CASO 467/244 Data 27/02/2012

Reclamante: PDI	Motivo	Aínda non lle foi tramitado o título que acadou no curso 2006/07 e necesítoa de urxencia para a súa homologación por motivos de traballo no estranxeiro.
Inicio: 27/02/2012	Actuacións	Servizo de Organización Académica.
Remate: 18/04/2012	Resolución	Infórmase do caso ao Servizo de Organización Académica e solicítaselle a máxima dilixencia posible na expedición do título e que se lle brinde ao interesado todo o apoio de carácter administrativo que, mentres tanto, puidese precisar para resolver os atrancos que, en relación coa súa incorporación ao destino, puidese ocasionarlle a carencia do título. O 7 de marzo de 2012 recíbese comunicación do xefe de Servizo de Organización Académica en que informa que o lote de títulos no cal estaba incluído o do reclamante lles fora remitido polo centro cun considerable atraso mais que ía incluído na remesa que se enviaría en breve ao Ministerio de Educación. Desde a Sección de Títulos manteñen informado ao interesado; a mediados de abril, o título xa estaba impreso e dábaselle entrada no rexistro. [Este caso garda relación co da referencia 435/212]

CASO 468/245 Data 17/02/2012

Reclamante: Alumna	Motivo	Cuestiona a esixencia de acreditar o dominio dunha lingua estranxeira ao nivel B1 para o acceso ao Mestrado de Secundaria, e solicita, en todo caso, adaptación do exame en de inglés por discapacidade.
Inicio: 05/03/2012	Actuacións	Unidade de Atención á Diversidade, director do Centro de Linguas e coordinador do Mestrado de Secundaria.
Remate: 13/03/2012	Resolución	Infórmase á alumna da obrigatoriedade da acreditación por vir recollida na Orde ECI/3858/2007, do 27 de decembro. Comunicánselle as dúas vías polas que nese momento podería optar na cidade: a Escola Oficial de Idiomas (terían obriga de adaptarlle o exame) e o sistema de exames IELTS ou International English Language Testing System, en que as necesidades de adaptación do exame xa están previstas, pero debe comunicarse con cando menos tres meses de antelación. Comunicánselle tamén das novas posibilidades que poderían abrirse en breve no Centro de Linguas da UDC (acreditación ACLES).

CASO 469/296 Data 05/03/2012

Reclamante: Alumno	Motivo	Revisión da cualificación dunha materia. A pesar da resolución emitida pola comisión académica do centro, o alumno segue a considerar que non se cumpriron os criterios de avaliación que figuran na guía docente e que non se corrixiron obxectivamente nin o traballo nin os exames. Solicita a revisión de documentación para ver se estaría xustificada unha eventual reclamación ante o reitor.
Inicio: 09/03/2012	Actuacións	Dirección do centro.
Remate: 04/04/2012	Resolución	Remítese un detallado informe ao interesado en que se conclúe que da análise da completa documentación acumulada ao longo do procedemento non se aprecia fundamento ningún que sustente unha reclamación ante o reitor. Notifícaselle, así mesmo, que, en calquera caso, a decisión de recorrer ou non ante o reitor compéttelle a el, e que de quedarlle a menor dúbida sobre a súa cualificación e o procedemento que a sustenta, pode consultar toda a documentación na Oficina do Valedor Universitario ou na dirección do centro, á cal se lle envía unha copia do informe.

CASO 470/247 Data 20/02/2012

Reclamante: PDI
(Responsable académico)

Inicio: 23/02/2012

Remate: 15/03/2012

Motivo Denuncia unha serie de irregularidades por parte dun profesor e solicita que o alumnado sexa aconsellado tocante ás actuacións dese profesor, que estaría a actuar fóra da norma. Comenta supostas irregularidades que se estarían a cometer no departamento a que pertence e pide consello ao respecto.

Actuacións Dirección do centro.

Resolución Infórmaselle de que as consultas sobre as actuacións do profesor que estarían a afectar ao alumnado xa foran efectuadas por representantes do alumnado, aos cales lles fora proporcionada a información que demandaban como parte interesada. Sobre as supostas irregularidades que lle estarían a afectar directamente, proporcionáaselle información sobre diversas normativas co fin de que valore, con fundamento, en que medida se trata de actuacións irregulares e en que medida dun descoñecemento da norma pola súa parte.

CASO 471/248 Data 20/03/2012

Reclamante: Alumna

Inicio: 26/03/2012

Remate: 09/10/2012

Motivo Que se vele pola reclamación que presentou ante o reitor hai máis de seis meses e da que non recibiu resposta ningunha.

Actuacións Reitor, Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura, e Vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación.

Resolución Logo de o 26 de marzo solicitar información á Reitoría, o 8 de maio infórmasenos desde a Vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación que o asunto –trasladado desde a Vicerreitoría de Estudantes por cambios de competencias–, está nas súas mans e que están pendentes dun informe da Asesoría Xurídica. Ese mesmo día comunicaselle tal circunstancia á interesada, quen con data 8 de outubro remite un novo correo ao valedor universitario en que indica que segue sen recibir notificación ningunha. Con data 9 de outubro de 2012, o valedor remite un escrito ao reitor en que, tras relatar os feitos, conclúe: “Aínda sendo consciente das dificultades de dar unha rápida resposta a algúns asuntos por acumulación de traballo en determinados servizos da universidade, tendo en conta o tempo transcorrido, solicítolle unha pronta resolución do caso no sentido que considere máis oportuno. Unha institución pública e de calidade como a Universidade da Coruña debe evitar por todos os medios caer no silencio administrativo.”

CASO 472/249 Data 27/03/2012

Reclamante: Asociación de estudantes

Inicio: 04/04/2012

Remate: 19/10/2012

Motivo Paralización dun procedemento que permitiría unha intervención no campus da Zapateira (tala de eucaliptos) co fin de evitar riscos de incendio ou de accidentes en relación coas condicións climáticas.

Actuacións Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas, Oficina de Medio Ambiente, Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica e reitor.

Resolución O asunto comunicaselle á vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas, quen, tras falar co responsable da Oficina de Medio Ambiente e mais co xerente, reactiva o tema e comunica que se procederá á tala coa maior brevidade posible. O 17 de outubro de 2012, o interlocutor informa ao valedor universitario de que comezan os temporais e que o asunto segue sen resolverse. Tras falar con diversas dependencias e órganos de goberno, o 19 de outubro o valedor informa de que o reitor xa dera a orde para que se procedera á tala hai tempo, que a vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas facía un seguimento do asunto cuxo atraso estaba relacionado cun atranco na adxudicación formal do traballo, mais que o procedemento de adxudicación estaba practicamente ultimado.

CASO 473/250 Data 10/04/2012

Reclamante: Alumno	Motivo	Denegación de ampliación de estadía Erasmus.
Inicio: 11/04/2012	Actuacións	Coordinador Erasmus do centro, Oficina de Relacións Internacionais e normativa.
Remate: 12/04/2012	Resolución	Infórmasele ao alumno de que, segundo o Regulamento de mobilidade da UDC, só se concede unha ampliación do período de mobilidade inicialmente previsto e que a el xa lle fora concedida unha ampliación con anterioridade.

CASO 474/251 Data 16/04/2012

Reclamante: Alumna	Motivo	Erro na convocatoria dos premios extraordinarios de doutoramento en que aparece adscrita a unha titulación que non lle corresponde.
Inicio: 17/04/2012	Actuacións	Dirección do centro, Vicerreitoría de Investigación e Transferencia e Servizo de Terceiro Ciclo.
Remate: 24/04/2012	Resolución	Tras constatar que a interesada presentou unha reclamación ante o reitor, comunícaselle que o valedor universitario debe absterse de entrar no exame da súa reclamación.

CASO 475/252 Data 18/04/2012

Reclamante: Alumna	Motivo	Accidente sufrido durante unha clase de Educación Física, debido aos charcos producidos por goteiras no pavillón de deportes. Teme volver facer ximnasia por estar cheo de charcos e, segundo lle comentan na facultade, ao ser maior de 28 anos non podería reclamar.
Inicio: 23/04/2012	Actuacións	Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura, e Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas.
Remate: 16/07/2012	Resolución	Informáselle á alumna de que o Servizo de Arquitectura e Urbanismo xa detectara o problema e tiña buscada unha solución, que agarda a executar cando remate o período lectivo para non interferir no desenvolvemento da docencia. Comunícaselle tamén que, a pesar de non ter dereito ao seguro escolar por ser maior de 28 anos, está cuberta polo tramo común do seguro HAC LUCE, como calquera outro alumno da UDC.

CASO 476/253 Data 02/05/2012

Reclamante: Persoal do Capítulo VI	Motivo	Falla de resposta á solicitude de expedición de diplomas por participar en accións formativas como técnico do servizo, en calidade de organizadora, organizadora/titora, coordinadora formadora ou asistente. Os diplomas están listos para a súa sinatura desde primeiros de xaneiro de 2012.
Inicio: 10/05/2012	Actuacións	Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura.
Remate: 09/10/2012	Resolución	Tras contactar coa Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura, o 10 de maio o valedor universitario comunícalle á interesada a información de que o seu caso será estudado e que, en breve, se lle dará unha cumprida resposta. O 6 de xullo recíbese un novo escrito da interesada en que afirma seguir pendente dunha resposta á súa demanda. Ese mesmo día o valedor universitario remite un oficio á vicerreitora en que lle solicita que, coa maior brevidade posible, dea cumprida resposta á demanda da interesada no sentido que estimar máis oportuno de acordo coa legalidade vixente, e que o manteña informado das decisións adoptadas en relación co caso. Pasados tres meses sen recibir notificación ningunha ao respecto desde a Vicerreitoría, o 9 de outubro envíasele un novo escrito á vicerreitora en que se incide no considerable tempo transcorrido sen dar resposta á interesada e se sinala o seguinte: "Aínda sendo consciente das dificultades de dar rápida resposta a algúns asuntos por acumulación de traballo en determinados servizos da universidade, habida conta do tempo transcorrido solicítolle unha pronta resposta á solicitude de Dna. ... no sentido que considere máis oportuno. Unha institución pública e de calidade como a Universidade da Coruña debe evitar por todos os medios caer no silencio administrativo."

Reclamante: Alumna

Inicio: 24/05/2012

Remate: 03/07/2012

Motivo Notables atrasos horarios no comezo das clases, fallas de asistencia por diversos motivos, ausencia en horario de titorías e masificación na aula impiden seguir a materia con normalidade.

Actuacións Dirección do centro.

Resolución Resolución: Infórmase do asunto á dirección do centro, solicítaselle que se verifiquen os feitos denunciados e, de se produciren, que actúe canto antes para que se reparen o máis axiña posible. Recíbese unha resposta conxunta dos diferentes profesores da materia en que sinalan que é a primeira vez que reciben unha reclamación neses termos e negan os feitos denunciados. Unicamente admiten que nalgunhas ocasións houbo coincidencias entre o horario da materia e outras actividades académicas, que puideron ocasionar interferencias. A resposta dos profesores remata sinalando: "Confiamos en que a resposta á reclamación sexa satisfactoria, a pesar da ambigüidade e falta de concreción con que se expón esta. Non obstante, consideramos que a proximidade e accesibilidade de todo o profesorado de..... é máis que suficiente como para poder formular estas e outras cuestións de xeito directo. En calquera caso, se algún alumno se puido sentir incómodo na materia ou cos seus profesores solicitamos desculpas por iso e buscaremos o xeito de corrixilo no futuro."

O valedor universitario pide unha maior concreción ao reclamante, de modo que o 11 de xuño chega esa nova información máis detallada á dirección do centro, nun escrito que encabeza sinalando: "Unicamente a título informativo e pensando só no futuro, poño no seu coñecemento o que vén de transmitirme o alumno que presentou a queixa". Ese mesmo día, desde a dirección do centro, remítase ao valedor un correo para lle agradecer a detallada información e coa indicación de que será informado puntualmente do resultado da reunión co profesorado implicado. O 15 de xuño ten entrada na Oficina do Valedor Universitario un amplo informe elaborado polo profesorado da materia e supervisado polo profesor coordinador desta. Feitas algunhas pescudas, mais sobre todo a partir dunha análise detallada da información que se proporciona no devandito informe, o valedor universitario prepara un outro informe polo miúdo que remite ao reclamante, ao profesorado, ao coordinador da materia e ao director do centro, no cal manifesta notorias deficiencias, algunhas ligadas a unha escasa planificación horaria da materia en relación co número de créditos, outras á excesiva coincidencia con diversos eventos (xuntas de centro, consellos de departamento, reunións con outros docentes da mesma materia en horario de clases...) ou a outras circunstancias (cambio de localización da clase en numerosas ocasións por problemas coa adxudicación das aulas a principios de curso ou motivos persoais xustificados) e, finalmente, outras relacionadas cun frecuente descontrol horario, coa masificación ligada á fusión de grupos ou mesmo cunha defectuosa organización da participación do alumnado na aula.

Así pois, logo de lles agradecer aos profesores, ao coordinador da materia e ao director do centro a súa pronta colaboración, o informe remata pedíndolles ás partes "unha lectura en positivo do presente informe, que só pretende reflectir unha pequena valoración sobre a queixa formulada e as alegacións presentadas. O alumnado debe ser comprensivo con pequenas distorsións non sempre directamente imputables aos profesores, e os profesores, o coordinador da materia e os directores do departamento e do centro deben velar por que a docencia se desenvolva axeitadamente, satisfacendo os lexítimos dereitos do alumnado. Aínda que a docencia de..... do plan antigo se extingue xa este curso, confío en que algunhas das consideracións aquí efectuadas leven a todos a unha pequena reflexión que, na medida do posible, derive nun incremento da calidade da docencia desta materia no grao."

Reclamante: PDI

Inicio: 05/06/2012

Remate: 21/11/2012

Motivo Solicita a actuación do valedor universitario para corrixir o que entende como disfuncións na política de xestión dun centro universitario: irregularidades nas competencias e funcionamento da xunta de centro e da comisión permanente e non publicación das actas.

Actuacións Dirección do centro e Asesoría Xurídica.

Resolución Tras analizar o regulamento de réxime interno e demais documentación que lle foi requirida ao centro, conclúese que todas as actuacións, tanto da xunta de centro como da comisión permanente se axustaron ao mencionado regulamento, agás no relativo á publicidade das actas, xa que se están a publicar os acordos acadados, mais non así as actas na súa integridade. Nas alegacións presentadas pola dirección do centro, indícase que as actas non se están a facer públicas no taboleiro de anuncios posto que de facelo podería estar a vulnerarse a Lei de protección de datos e a intimidade das persoas, mais en calquera caso se o valedor o estimase oportuno e cun informe positivo da Asesoría Xurídica da UDC sobre a cuestión, procederían de inmediato a facelo.

Con data 12 de xullo de 2012 o valedor universitario remite un informe ás partes, que queda pendente de se completar co informe que ao respecto elabore a Asesoría Xurídica e que sería solicitado nos vindeiros días. En todo caso, como conclusións do informe recóllese o seguinte:

“Agás no relativo á publicidade das actas das sesións, o reclamante teríase precipitado en exceso denunciando supostos incumprimentos do regulamento que claramente non se terían producido, posto que nin sequera se dera a ocasión para iso (modificación do plan de estudos, distribución do orzamento...). Ademais, tería reclamado para a xunta de centro unha competencia que, a día de hoxe, non lle recoñece o Regulamento de réxime interno (informe dos horarios do centro para o seu debate e consideración).

Todo membro dunha xunta de centro que considera os seus dereitos conculcados por calquera actuación da propia xunta ou dalgunha das súas comisións, ten ocasión de manifestalo e de solicitar que así se recolla en actas aproveitando as súas diferentes sesións. Nas actas das sesións da xunta de centro que me foron remitidas pola dirección non se recolle queixa ningunha que advirta á xunta de centro de supostos incumprimentos do seu regulamento de réxime interno. En condicións normais, isto debería ser un paso previo á denuncia ante o valedor universitario, para evitarlle así perdas innecesarias de tempo á dirección e á administración do centro.

O reclamante alude reiteradamente á falla de transparencia na toma de decisións no goberno do centro, e focaliza especialmente esta crítica sobre a súa comisión permanente. Como tal, esta comisión parece que estaría a cumprir axeitadamente cos seus cometidos e a facer públicos os seus acordos. Cabería a posibilidade de que se dera unha falla de interacción ou de sintonía entre o reclamante e os seus representantes, pero sería daquela nese ámbito en que terían que dirimirse as responsabilidades, sen trasladar a culpa á comisión permanente nin pretender desviar a outros órganos as tomas de decisión que son competencia desta”

Con data 20 de novembro de 2012 recíbese o informe da Asesoría Xurídica e o valedor remite copia ás partes. Neste informe conclúese:

“...a publicación nos taboleiros dos centros das actas das sesións dos seus órganos colexiados que conteñan datos persoais esixe o consentimento dos afectados, agás que se trate dalgún dos supostos exceptuados por lei ou de datos contidos en fontes accesibles ao público. Caso de non contar co consentimento dos titulares dos datos, no caso de que fora esixible, a publicación debe facerse ben anonimizando os ditos datos de feito que non fagan identificables ás persoas ás que se refiren ou ben incorporándoos a anexos que non sexan obxecto de publicación.”

CASO 479/256 Data 15/06/2012

Reclamante: Alumno

Inicio: 15/06/2012

Remate: 01/08/2012

Motivo Tras requirir a realización dun traballo transversal para todas as materias do primeiro cuadrimestre, prodúcese un suspenso xeneralizado de todo o grupo de alumnos debido á entrega con atraso do traballo. O "castigo", que afectaría tamén moi considerablemente ás avaliacións da oportunidade de xullo, considérase excesivo e carente totalmente de fundamento académico nas guías docentes. Pídese que para a avaliación da segunda oportunidade se teñan en conta tanto o traballo transversal como as demais entregas parciais efectuadas durante o curso e as finais que non lle deixaran entregar, así como que se apliquen as mesmas porcentaxes que na primeira avaliación

Actuacións Dirección do centro e profesorado coordinador das materias.

Resolución Tras solicitar á dirección do centro que sondara a opinión do profesorado co ánimo de buscar unha solución en positivo para a avaliación de xullo, e visto que este non se manifesta disposto a reconsiderar a situación, solicítanse alegacións e documentación do profesorado responsable das diferentes materias. A partir da análise do contido da queixa, das alegacións do profesorado e da documentación correspondente, elabórase un informe de valoración individualizado para cada profesor, con diferentes matices en función do maior ou menor rigor das guías docentes e da maior ou menor adaptación aos criterios nelas consignados. Sexa como for, os ditos informes conclúense coas seguintes observacións comúns:

"A sanción que lles foi imposta aos alumnos por non entregaren a tempo a súa parte do traballo parece excesiva polas súas serias repercusións sobre os resultados de todo o curso académico"

"Cando se quere ser estrito coas normas, e séndoo as repercusións poden ter un alcance considerable, os profesores deberíamos tamén extremar o celo no ditado desas normas, cumprir axeitadamente coas nosas obrigas como docentes e someter á aprobación polo departamento as guías docentes de materias de grao nas que os criterios de avaliación resulten axeitados e proporcionados, e aparezan claramente recollidos para as dúas oportunidades da convocatoria"

"Nunha materia de grao, a formulación de permitir a mellora dos traballos realizados durante o curso de cara á súa consideración na segunda oportunidade é algo consubstancial co propio sistema de aprendizaxe e co feito de que as dúas oportunidades forman parte dunha única convocatoria anual".

Remítese copia dos informes aos directores dos departamentos e ao director do centro.

Remítese un pequeno informe, a modo de resumo, ao reclamante.

CASO 480/257 Data 17/07/2012

Reclamante: PDI

Inicio: 26/07/2012

Remate: 16/10/2012

Motivo No departamento prodúcese unha serie de feitos que lle afectan e que considera poderían constituír acoso laboral cara á súa persoa por parte da dirección do departamento.

Actuacións Dirección do departamento e Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.

Resolución Tras informar da queixa ao director do departamento, este achégase primeiro á Oficina do Valedor e pasados uns días entrega un escrito de alegacións en que dá resposta a todos os puntos do escrito de denuncia, ao tempo que achega copia de diversos documentos acreditativos e pide ao valedor que dea unha rápida lectura do escrito por se precisase dalgunha outra aclaración. Como queira que os dous asuntos máis recentes que o reclamante recolle no seu escrito de queixa estarían xa resoltos, o director amósase disposto a dar por pechado o asunto na procura dunha normalización da convivencia no seo do departamento, sempre que o profesor retire a acusación de acoso laboral, que lle resulta intolerable.

O valedor universitario mantén unha nova conversa co reclamante, amósalle o escrito de alegacións do director do departamento (que rexeita ler) e faulle extensiva a súa petición de dar por pechado o asunto, coa retirada da acusación por acoso laboral e cun compromiso de transparencia, lealdade e bo entendemento entre as partes en todo o que atinxe ás súas relacións profesionais como membros do departamento. O reclamante segue a considerar que existe acoso laboral e manifesta que non está disposto a retirar a acusación, aínda que si a deixar pasar o asunto pensando máis no inmediato futuro. Considera que non

hai transparencia no manexo das contas do departamento e indica que ten solicitado acceder a elas sen obter un resultado positivo. Aínda que o reclamante non achega proba documental da solicitude que di ter efectuado ao departamento, o valedor ofrécese a proporcionarlle información sobre o importe das diferentes partidas que chegan ao departamento e especialmente dos ingresos producidos en concepto de "Producción científica" e a súa contribución a eles. A dita información seríalle remitida con posterioridade ao informe.

Este informe consiste nun breve relato dos feitos e nunhas recomendacións concretas ás partes en conflito, tanto no que se refire aos asuntos económicos como á participación do profesorado en comisións e tribunais. Precedendo ás recomendacións, sinálase o seguinte: "Dado que ambas as partes parecen dispostas a mirar cara ao futuro, entendo que a adopción duns simples acordos polo departamento sobre estes dous aspectos podería contribuír notablemente a unha mellora da convivencia no seu seo".

CASO 481/258 Data 27/07/2012

Reclamante: Alumno

Inicio: 31/07/2012

Remate: 31/07/2012

Motivo Situación de desamparo producida pola falla de pronunciamento do órgano competente para resolver unha cuestión relativa a unha solicitude de renovación para continuar a gozar dun programa de mobilidade SICUE-Séneca.

Actuacións Servizo de Estudiantes.

Resolución Comunicáselle ao interesado que, segundo nos comentan no Servizo de Estudiantes, vén de elaborarse un informe que lles foi solicitado en relación coa súa solicitude dirixida á vicerreitora de Estudiantes, Deportes e Cultura e presidenta da Comisión Seleccionadora do Programa SICUE. Indícaselle tamén que, dado que o asunto está inmerso nun procedemento administrativo, é todo canto se lle pode informar ao respecto.

CASO 482/259 Data 03/08/2012

Reclamante: Alumna

Inicio: 07/08/2012

Remate: 08/08/2012

Motivo Atrancos coa legalización de documentos na administración do centro en relación cun traslado de expediente para continuar estudos no estranxeiro.

Actuacións Administración do centro e normativa.

Resolución Desde a Oficina do Valedor Universitario contáctase coa administración do centro, que achega os documentos académicos requiridos pola interesada formalizados segundo as instrucións sobre a legalización de documentos oficiais españois.

CASO 483/260 Data 28/08/2012

Reclamante: Alumnas/os

Inicio: 29/08/2012

Remate: 25/09/2012

Motivo Cambio de datas oficiais de exames da convocatoria de setembro con diversos prexuízos para o alumnado por coincidir coa apertura de curso das universidades galegas.

Actuacións Dirección do centro, Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías e Vicerreitoría de Estudiantes, Deportes e Cultura.

Resolución Aconséllaselle ao alumnado o contacto directo co profesorado e mais coa dirección do centro para resolver as dificultades concretas de cada caso.

Remítese un informe á vicerreitora de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, con copia á vicerreitora de Estudiantes, Deporte e Cultura, en que, tras comentar os feitos, se efectúa a seguinte recomendación: "Coa vista posta no futuro, e co fin de minimizar os prexuízos que un cambio de data de exames por imposibilidade sobrevida puidese ocasionar entre o alumnado, parece conveniente que se arbitre algún mecanismo de comunicación directa e inmediata a cada estudante, transmitíndolle toda a tranquilidade que se precisa nun período de estrés. Así, xunto co anuncio ou a previsión dunha nova data por parte do decanato ou dirección do centro, podería considerarse e notificarse a posibilidade de dispoñer mesmo doutra data alternativa, que se fixaría co estudante, de ser preciso e por causas debidamente xustificadas".

ANÁLISE DE DATOS

Nesta sección inclúese unha pequena análise de datos sobre os casos presentados durante o curso académico 2011/12, apoiada por un pequeno soporte gráfico que permita ver facilmente a tipoloxía e a distribución dos casos por colectivos, órganos e servizos.

Para unha correcta interpretación dos resultados que aquí se presentan, cómpre ter en mente as seguintes consideracións:

- Non todas as consultas que chegan á Oficina do Valedor Universitario teñen a súa orixe nunha falla de atención por parte do centro ou do servizo ao que correspondería dar resposta.
- Non todas as queixas ou reclamacións que se presentan na Oficina responden necesariamente a unha mala actuación do órgano ou servizo contra o que se reclama.
- Aínda que boa parte da normativa que é de aplicación nos centros ten un carácter universal, os centros e os departamentos poden presentar unha certa especificidade en función do tipo de estudos que neles se impartiren.
- En cada centro estase a impartir un determinado número de títulos de grao e posgrao que pode diferir moito duns centros a outros.
- O número de alumnos, PDI e PAS varía considerablemente segundo o centro.
- O número e as funcións do PAS varían considerablemente segundo o servizo.
- O grao de vinculación dos servizos centrais coas vicerreitorías en que se integran é moi diverso, polo que con frecuencia é difícil deslindar responsabilidades ante determinadas queixas ou reclamacións. Así, no tratamento de datos sobre casos relacionados cos servizos centrais e/ou as vicerreitorías, procederemos á súa agrupación por vicerreitorías. Dado que en xaneiro de 2012 tivo lugar un cambio de denominación e de competencias das vicerreitorías, para o tratamento de datos, os casos anteriores a esa data vinculáronse ás novas vicerreitorías con base nas competencias actuais.

DISTRIBUCIÓN DE CASOS POR COLECTIVOS

93 **77%**

ESTUDANTES

6 **5%**

PDI

7 **6%**

PAS

14 **12%**


ALLEOS

1

VALEDOR UNIVERSITARIO

121

TOTAL



DISTRIBUCIÓN DE CASOS POR CAMPUS

106 **88%**


A CORUÑA

15 **12%**

FERROL

121

TOTAL



DISTRIBUCIÓN DE CONSULTAS POR COLECTIVOS

54 **76%**

ESTUDANTES

2 **3%**

PDI

3 **4%**


PAS

12 **17%**

ALLEOS

71

TOTAL



DISTRIBUCIÓN DE QUEIXAS POR COLECTIVOS

39 **80%**

ESTUDANTES

4 **8%**

PDI

4 **8%**

PAS

2 **4%**


ALLEOS

1

VALEDOR UNIVERSITARIO

50

TOTAL





DISTRIBUIÇÃO DE CASOS POR SEXO

CONSULTAS

	M	H
ESTUDANTES	34	20
PDI	2	0
PAS	1	2
ALLEOS	6	6
TOTAL	43	28

QUEIXAS

	M	H
ESTUDANTES	17	22
PDI	1	3
PAS	2	2
ALLEOS	0	2
TOTAL	20	29



- ESTUDANTES
- PDI
- PAS
- ALLEOS


DISTRIBUCIÓN DE CASOS POR ÁREA TEMÁTICA

(C) CONSULTAS
(Q) QUEIXAS


ÁREA TEMÁTICA	ESTUDANTES		PDI		PAS		ALLEOS	
	C	Q	C	Q	C	Q	C	Q
Acceso, taxas e xestión académica	18	7	0	0	0	0	6	0
Validacións, adaptacións e recoñecementos	2	4	0	0	0	0	0	0
Organización e actividade docente	6	5	0	0	0	0	0	0
Exames e criterios de avaliación	15	9	1	0	0	0	1	0
Organización e actividade investigadora	0	1	0	0	0	0	0	0
Bolsas e axudas ao estudo	4	6	0	0	0	0	0	0
Oposicións e concursos	2	0	0	0	0	1	3	0
Comportamento	1	0	1	3	0	0	0	0
Infraestrutura e funcionamento dos servizos	5	5	0	2	0	0	1	1
Outros	1	2	0	0	3	3	0	1
TOTAL	54	39	2	5	3	4	11	2

ESTUDANTES
PDI
PAS
ALLEOS

CONSULTAS




QUEIXAS



DISTRIBUCIÓN DE CASOS POR CENTROS

	CONSULTAS	QUEIXAS
ETS de Arquitectura	14	9
ETS de Camiños, Canais e Portos	2	2
ETS de Náutica e Máquinas	0	2
Escola Politécnica Superior	4	2
EU de Arquitectura Técnica	2	2
EU de Deseño Industrial	1	0
EU de Fisioterapia	2	1
EU Politécnica	1	0
EU de Relacións Laborais	2	1
Facultade de Ciencias	2	4
Facultade de Ciencias da Comunicación	0	3
Facultade de Ciencias da Educación	12	7
Facultade de Ciencias do Traballo	1	0
Facultade de Ciencias da Saúde	1	1
Facultade de Ciencias do Deporte e a EF	0	1
Facultade de Dereito	3	3
Facultade de Economía e Empresa	4	1
Facultade de Enfermaría e Podoloxía	0	2
Facultade de Filoloxía	4	0
Facultade de Humanidades e Documentación	3	0
Facultade de Informática	1	0
Facultade de Socioloxía	1	0
TOTAL	60	41




DISTRIBUCIÓN DE CASOS POR ÓRGANOS DE GOBERNO DA REITORÍA

	CONSULTAS	QUEIXAS
Reitoría	0	1
Secretaría Xeral	1	0
Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura	4	2
Vicerreitoría de Investigación e Transferencia	2	4
Vicerreitoría de Planificación Economía e Infraestruturas	0	2
Vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación	1	0
Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías	1	0
Xerencia	1	0
TOTAL	11	9




DISTRIBUCIÓN TEMPORAL DOS CASOS




TEMPO DE RESOLUÇÃO DOS CASOS

1 A 7 DIAS	80	66%
7 DIAS A 1 MES	29	24%
1 A 3 MESES	4	3%
+ 3 MESES	8	7%



NÚMERO DE ACTUAÇÕES POR COLECTIVO E CURSO ACADÉMICO

	2010 / 2011	2011 / 2012
ESTUDANTES	65	93
PDI	5	6
PAS	4	7
ALLEOS	5	14
VALEDOR UNIVERSITARIO	0	1
TOTAL	79	121



RECOMENDACIÓNS/ SUXESTIÓNS

Da análise dalgunhas das queixas derivanse recomendacións ou suxestións a distintos órganos ou servizos, aos que se lles solicita o seu concurso, ben para que velen polo cumprimento das normas, ben para que procedan á súa adaptación ou mellora (así acontece nos casos 444/221, 453/230, 457/234, 459/236, 462/239, 465/242, 471/248, 476/253, 477/254, 478/255, 479/256, 480/257 e 483/260).

OBXECTIVOS

Todas as recomendacións e suxestións referidas no apartado precedente foron dirixidas a cumprir cos obxectivos propostos na anterior memoria para o curso 2011/12. Así algunhas destas actuacións contribuíron a impulsar a aplicación de normas e decretos, á mellora de documentos, a unha elaboración máis coidada das guías docentes e ao cumprimento de prazos, tanto no ámbito administrativo como no académico. No proceder diario da Oficina do Valedor Universitario, diante dunha situación de conflito, procúrase romper co carácter asimétrico propio da institución (profesor/alumno, xefe/posto base...) e ter como único norte as persoas, a lexitimidade e o dereito. A anunciada presentación pública nos campus de Ferrol e A Coruña para dar maior publicidade á figura do valedor universitario celebrouse finalmente a comezos do curso actual.

Para o curso 2012/13, pretendemos centrarnos especialmente nos seguintes obxectivos:

- Procurar que o tempo de resposta ás solicitudes, reclamacións ou recursos presentados ante os diferentes órganos de goberno se manteña dentro duns límites razoables.
- Velar polo cumprimento dos prazos fixados polos órganos de goberno, especialmente nos casos en que do seu incumprimento puideren derivarse serios prexuízos a terceiros.
- Facer un seguimento parcial da calidade de diferentes convocatorias co fin de minimizar a excesiva necesidade de ter que acudir ás correccións de erros, o que ademais dos problemas que lles xera ás persoas interesadas, deriva con frecuencia nun traballo extra para a propia administración pola vía da interposición de reclamacións e recursos.

- Continuar a colaborar cos distintos órganos e servizos na procura dunha mellora da calidade da Universidade da Coruña co foco posto, nomeadamente, nos seguintes aspectos:

- o Na guía docente, na súa calidade de contrato en que deben quedar claramente establecidas todas as cláusulas e que terá que ser respectado por todas as partes.

- o Na mellora de documentos e protocolos de actuación para evitar malentendidos, erros ou atrancos no funcionamento de determinadas dependencias.

- o Na defensa do respecto entre todas as persoas que integran a comunidade universitaria, independentemente da idade, xénero e colectivo ao que pertenceren.

- Colaborar con calquera órgano ou colectivo que o demande para tratar aspectos relacionados coas competencias propias da Oficina do Valedor Universitario.

PRESENTACIÓN PERANTE O CLAUSTRO

A memoria anual sobre a xestión realizada durante o curso académico 2011/12 e os obxectivos para o curso 2012/13 foi posta a disposición dos claustrais cunha semana de antelación a que tivese lugar a sesión do Claustro, o día 13 de decembro de 2012.

Durante a súa presentación oral destacáronse os principais resultados numéricos - que inclúen un incremento do 53% no número de casos tratados con respecto ao curso precedente (un 97% correspondese con consultas e un 16% con queixas)-, ao tempo que se insistiu na importancia de que cadaquén realice unha atenta lectura do resumo dos casos recollidos na memoria coa intención de contribuír activamente á mellora da calidade universitaria na súa contorna.

Tras mencionar como desde a Oficina do Valedor Universitario se fora atendendo aos obxectivos fixados como prioritarios no curso precedente (mellora das guías docentes e outros documentos e protocolos, maior publicidade á figura do valedor universitario, etc.), salientouse

a necesidade de seguir profundando en todos eles na procura dunha mellora da calidade universitaria, o cal con frecuencia depende simplemente da adopción de pequenas medidas correctoras ou suplementarias cuxa necesidade se pon de manifesto cando se analizan os casos en profundidade.

Baixo esa mesma óptica, a de que o coidado dos pequenos detalles pode contribuír notablemente á mellora do funcionamento da universidade, sinaláronse como principais obxectivos para o curso 2012/13 os seguintes: velar por un cumprimento máis estrito dos prazos fixados polos órganos de goberno e procurar unha mellora da calidade das convocatorias para evitar ter que acudir con excesiva frecuencia ás correccións de erros. Todo iso, á vez que reduce ou evita posibles prexuízos as persoas interesadas, haberá de redundar nun funcionamento máis áxil da administración, alixeirándoa da importante carga extra de traballo que leva emparellada a interposición de reclamacións e recursos.

(Aprobados polo Decreto 101/2004 do 13 de maio e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro)

CAPÍTULO VI **DO VALEDOR UNIVERSITARIO**

Artigo 103

1. O valedor universitario é o órgano encargado de velar polo respecto dos dereitos e das liberdades dos membros da comunidade universitaria.

2. O valedor universitario será nomeado, entre os membros da comunidade universitaria, polo claustro universitario, por maioría absoluta dos seus membros, cada catro anos. Poderá ser dispensado total ou parcialmente das súas tarefas académicas.

3. O valedor universitario non estará sometido a mandato imperativo ningún e actuará con plena autonomía e independencia de calquera órgano universitario.

Artigo 104

1. Correspóndelle ao valedor universitario:

Propoñerlle ao claustro para a súa aprobación o seu regulamento de funcionamento.

Demandar das distintas instancias universitarias cando a información considere oportuna para o cumprimento dos seus fins.

Elaborar cantos informes lle sexan solicitados ou considere oportuno emitir en relación coas actuacións en curso.

Efectuar as propostas que considere axeitadas para a solución dos casos que sexan sometidos ao seu coñecemento.

2. O valedor universitario non poderá actuar en relación con actos que esgotasen a vía administrativa ou contra os que se interpuxese recurso administrativo ou xurisdiccional.

3. O valedor universitario deberá presentar anualmente ante o claustro universitario unha memoria da súa actividade coas recomendacións e suxestións oportunas.

REGULAMENTO DO VALEDOR UNIVERSITARIO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANEXO 2

Aprobado polo Claustro na súa sesión do día 5 de maio de 2006

Preámbulo

En cumprimento do establecido na disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (BOE do 24 de decembro) e no artigo 104.1.a) do Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG número 100, de 26 maio 2004), polo que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña, a presente disposición normativa, aprobada polo Claustro da Universidade na súa sesión de 5 de maio do 2006, ten como finalidade regular a figura do valedor universitario como órgano independente encargado da defensa e da protección dos dereitos e das liberdades de todos os membros da comunidade universitaria, e cuxas actuacións están sempre dirixidas a mellorar o funcionamento da Universidade da Coruña como servizo público.

Título I

Disposicións xerais

Artigo 1

O valedor universitario é o órgano encargado de velar polo respecto dos dereitos e das liberdades de todos os membros da comunidade universitaria nas actuacións dos diferentes órganos e servizos da Universidade da Coruña e tamén nas situacións de conflito que puideren xurdir entre os propios membros da comunidade universitaria, mais sempre que así for requirido de común acordo polas partes implicadas.

Artigo 2

Na Universidade da Coruña, o valedor universitario, para os efectos de protocolo e de complemento retributivo, será equiparable a vicerreitor. Poderá ser dispensado total ou parcialmente das súas tarefas académicas coa Universidade.

Artigo 3

1. No exercicio das súas funcións, o valedor universitario non está sometido a mandato imperativo de ningún tipo, nin recibe instrucións de ningunha autoridade académica nin órgano de goberno unipersoal ou colexiado.

2. Co fin de mellorar a calidade universitaria en todos os seus ámbitos, o valedor universitario cumpre as funcións que ten encomendadas con independencia, con obxectividade e con autonomía no marco que establecen os Estatutos da Universidade da Coruña e o resto do ordenamento xurídico.

3. A Universidade da Coruña garante a protección e o abeiro do valedor universitario por razón das súas actuacións. Ao valedor universitario non se lle poderá abrir un expediente nin se lle poderá sancionar por causa das opinións expresadas ou das accións realizadas no exercicio das súas funcións.

Título II

Elección, nomeamento e cesamento do valedor universitario

Artigo 4

1. O valedor universitario será elixido polo Claustro da Universidade entre os membros da comunidade universitaria de recoñecida probidade e imparcialidade.

2. A duración do seu mandato será de catro anos e será posible a súa reelección consecutiva por unha soa vez.

Artigo 5

1. En representación do Claustro, a coordinación do proceso de elección do valedor universitario recae na Mesa do Claustro.

2. Por instancia da Mesa do Claustro, a elección do Valedor Universitario será convocada publicamente polo reitor nos dous meses inmediatamente anteriores á expiración do mandato do valedor universitario.

3. A convocatoria, que será comunicada a todos os membros do Claustro, establecerá a data e o lugar da votación, que deberá ter lugar 30 días lectivos despois da súa publicación. Na convocatoria publicarase tamén o

censo actualizado dos membros do Claustro e o calendario electoral.

Artigo 6

1. As candidaturas deberán estar secundadas, como mínimo, por 15 claustrais.

2. Na candidatura deberá facerse constar o nome e os apelidos da persoa que se presenta como candidata, o seu número de documento oficial de identidade ou pasaporte e o centro ao que pertence e a súa sinatura de aceptación da candidatura. Igualmente, debe facerse constar o nome e os apelidos dos/as claustrais que presentan a candidatura, o sector e o centro ao que pertencen e a sinatura de cada unha delas.

3. O prazo de presentación de candidaturas será de oito días lectivos desde a publicación da convocatoria.

Artigo 7

1. Finalizado o prazo de presentación de candidaturas, a Mesa do Claustro procederá, no prazo máximo de tres días lectivos, a realizar a proclamación provisoria de candidatos.

2. Dentro do prazo de tres días lectivos a partir da data de proclamación provisoria de candidatos, poden presentarse reclamacións ou solicitudes de rectificación mediante un escrito dirixido á presidencia da Mesa do Claustro. As reclamacións e as solicitudes de rectificación deberán resolverse nun prazo de tres días lectivos, que se contarán desde a finalización do prazo de súa presentación.

3. Se non se presentaren reclamacións nin solicitudes de rectificación no prazo fixado, ou unha vez resoltas, a Mesa do Claustro procederá á proclamación definitiva de candidatos.

Artigo 8

1. A elección efectuarase por votación secreta dos claustrais.

2. Será elixido valedor universitario o candidato que obteña o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Claustro en primeira volta.

3. No caso de varias candidaturas, se ningunha das persoas candidatas obtiver esa maioría, a Mesa do Claustro proclamará os dous candidatos máis votados e anunciará o día e a hora da segunda volta, que deberá ter lugar cando transcorran dous días lectivos desde a primeira volta. Será proclamado candidato electo en segunda votación o que obtiver o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Claustro.

4. O reitor nomeará como valedor universitario a persoa candidata que resulte elixida.

Artigo 9

1. O valedor universitario finalizará o seu mandato polas seguintes causas:

a) Por propio pedimento.

b) Por expiración do prazo do seu mandato, aínda que permanecerá en funcións ata que o Claustro elixa quen o vai suceder.

c) Por deixar de ser membro da Universidade da Coruña.

d) Por morte ou por incapacidade sobrevida para desempeñar as súas funcións.

e) Por moción de dúas terceiras partes do Claustro tras proposta do vinte por cento dos claustrais no caso de incumprimento das súas obrigas e dos seus deberes inherentes ao cargo. A solicitude de cesamento dirixida á Mesa do Claustro deberá indicar as causas polas que este se solicita, os nomes e os apelidos das persoas solicitantes, os números dos seus documentos oficiais de identidade ou pasaportes, o sector e o centro ao que pertenceren.

Por instancia da Mesa do Claustro, o reitor convocará nun prazo non superior a quince días lectivos, que hai que contar desde a presentación da solicitude de cesamento, unha sesión claustral que terá como único punto da orde do día a solicitude de cesamento do valedor universitario e enviará aos claustrais a proposta de cesamento.

Nesta sesión claustral intervirán unha das persoas solicitantes do cesamento e o valedor universitario, por unha soa vez e durante o tempo previamente fixado pola Mesa do Claustro, que deberá serlles comunicado cun mínimo de sete días lectivos de antelación á realización desta sesión claustral. Finalizadas as súas intervencións, votarase a proposta de cesamento. Será necesario o voto das dúas terceiras partes dos membros do Claustro para que esta prospere. Se a proposta de cesamento prosperar, convocarase o proceso electoral previsto neste regulamento no prazo máximo dun mes, mais, se non prosperar, entón ningunha das persoas asinantes poderá promover unha nova solicitude ata que transcorra un ano desde a votación da primeira.

2. Nos casos de finalización do mandato polas causas a), c) e d) o Claustro Universitario iniciará no prazo máximo dun mes o proceso de elección dun novo valedor universitario de conformidade co procedemento previsto neste regulamento para a elección do valedor universitario. Mentres tanto, actuará como tal o/a catedrático/a en activo de maior idade e con máis antigüidade na

Universidade da Coruña que non desempeñe ningún cargo académico nin de goberno nin de representación. Tamén poderá actuar como tal no caso de que o valedor universitario se atope imposibilitado temporalmente para exercer as súas funcións ou deba absterse de intervir naquelas actuacións en que, como membro da comunidade universitaria, tivese intereses persoais.

Título III

Normas xerais de funcionamento

Artigo 10

O valedor universitario réxese pola Lei orgánica de universidades, os Estatutos da Universidade da Coruña e o presente regulamento.

Artigo 11

A condición de valedor universitario é incompatible co desempeño de calquera cargo de representación ou goberno universitario.

Artigo 12

1. O valedor universitario supervisará as actividades da Universidade dentro dos límites establecidos no artigo 1 deste regulamento e coidará, de oficio ou por instancia de parte, de que fiquen garantidos o pleno respecto dos dereitos e das liberdades de todos os membros da Universidade da Coruña, para evitar situacións de indefensión ou de arbitrariedade. En ningún caso poderá actuar en relación con actos que esgoten a vía administrativa ou contra os que se interpuxese un recurso administrativo ou xudicial.

2. O valedor universitario poderá solicitar da administración universitaria a colaboración que considere axeitada para o desenvolvemento das súas funcións. Os órganos colexiados e unipersoais, así como os diversos servizos da Universidade da Coruña, deberán prestarlle a axuda necesaria para o cumprimento das súas funcións, dentro do prazo que fixe o valedor. Tamén poderá solicitar asistencia técnica xurídica dentro ou fóra da Universidade, caso de que a precise para a realización das súas funcións.

3. O valedor universitario poderá solicitar a súa asistencia como observador ás sesións de calquera órgano da Universidade, cando el considere que se tratan materias relacionadas coas súas funcións.

Artigo 13

A Universidade da Coruña proporcionará ao valedor universitario os medios materiais e persoais necesarios

para o cumprimento dos seus fins. A dotación económica necesaria para o seu funcionamento consignarase, cada ano, nos orzamentos da Universidade da Coruña, tras a proposta razoada presentada polo propio valedor.

Título IV

Procedementos de actuación

Artigo 14

O valedor universitario actúa de oficio ou por instancia de parte en todas as situacións que foren susceptibles de necesitar o seu abeiro. Na tramitación dos procedementos perante o valedor universitario seguiranse todas as garantías previstas legalmente para os procedementos administrativos.

Capítulo I

Por instancia de parte

Artigo 15

1. Calquera membro da Universidade da Coruña que invoque un interese lexítimo poderá dirixirse, sen ningunha restrición, ao valedor universitario.

2. As reclamacións formularaa a persoa interesada mediante a presentación dun escrito que conteña o seu nome e os seus apelidos, o seu número de documento oficial de identidade ou pasaporte, o sector ao que pertence e o seu domicilio para os efectos de notificación. Nel deberanse concretar, con suficiente clareza, os feitos que orixinan a reclamación, o motivo e o alcance da pretensión formulada e o pedimento que se dirixa ao valedor universitario.

3. O escrito da reclamación presentarase con liberdade de forma, sen prexuízo da existencia de impresos que faciliten a presentación da reclamación por parte das persoas interesadas, que ademais poderán solicitar asesoramento para cubriren os impresos ou presentaren os seus propios escritos de reclamacións.

Artigo 16

1. O valedor universitario contará cun rexistro propio, non integrado no sistema xeral de rexistros da Universidade da Coruña, aínda que deberá estar en coordinación con el. Este rexistro terá carácter reservado co fin de garantir a confidencialidade dos asuntos tramitados e, especialmente, a identidade de quen formalice a solicitude de intervención do valedor universitario.

2. O valedor universitario rexistrará e emitirá un xustificante de recepción de todas as reclamacións

presentadas que admitirá ou non, motivadamente, no prazo máximo de quince días hábiles. Non admitirá as reclamacións anónimas, as formuladas con insuficiente fundamento ou inexistencia de pretensión e todas aquelas outras cuxa tramitación prexudiquen dereitos lexítimos de terceiras persoas.

3. Tampouco entrará no exame daquelas reclamacións que estiveren pendentes de resolución nun proceso xudicial ou nun expediente administrativo. E suspenderá calquera actuación se, no transcurso da súa tramitación, se iniciar un procedemento administrativo ou se interpuxer demanda ou recurso perante os tribunais de xustiza.

Artigo 17

1. Admitida a reclamación, o valedor universitario adoptará as medidas de investigación que considere necesarias para o esclarecemento dos feitos. Nestes casos, dará conta do contido substancial do escrito á persoa ou ao órgano administrativo pertinentes para que, no prazo de quince días hábiles, fagan as alegacións oportunas, entreguen a documentación conveniente ou comparezan para informar. Se se obviasen tales requirimentos, o valedor universitario informará deles á autoridade universitaria que corresponda para esta proceder en consecuencia.

2. Ademais, durante esta fase de instrución, o valedor universitario poderá acudir a calquera dependencia da Universidade para comprobar todos os datos que fosen necesarios, facer as entrevistas persoais debidas ou proceder ao estudo da documentación necesaria. Para tales efectos, terá acceso a todo expediente ou documentación administrativa que teña relación coa investigación, sen prexuízo do que dispoña a lexislación vixente sobre a protección de datos persoais.

3. A información obtida durante a tramitación deste procedemento terá carácter estritamente confidencial.

Artigo 18

1. O valedor universitario resolverá no prazo de tres meses desde que foi presentada a reclamación.

2. Deberá notificarlles formalmente a súa resolución ás persoas interesadas. Tamén a comunicará ao órgano universitario afectado, coas suxestións ou as recomendacións que considere convenientes para a emenda, no seu caso, das deficiencias apreciadas.

3. As decisións e as resolucións do valedor universitario non teñen a consideración de actos administrativos e non serán obxecto de ningún recurso. Tampouco son xuridicamente vinculantes e non modificarán por si propias acordos ou resolucións emanadas dos órganos da Universidade da Coruña.

Capítulo II De oficio

Artigo 19

Se o valedor universitario tiver coñecemento fidedigno de feitos que puidesen attentar contra dereitos de calquera membro da comunidade universitaria, individual ou colectivamente, ou do mal funcionamento administrativo dalgunha unidade, pode iniciar unha investigación de oficio, de conformidade co disposto nos artigos 16 e 17 deste regulamento, que daría lugar a un informe e que sería remitido ás partes interesadas ou ás autoridades universitarias correspondentes para repararen estes feitos ou erros.

Capítulo III De mediación e conciliación

Artigo 20

1. Con aceptación expresa das partes implicadas, o valedor universitario iniciará os actos de mediación e de conciliación conducentes á solución pactada dos conflitos que se produciren entre membros da comunidade universitaria.

2. As solicitudes de mediación e de conciliación formalizaranas as persoas interesadas no Rexistro do valedor universitario mediante escrito asinado polas dúas partes e en que se conteñan os seus datos persoais, os sectores aos que pertencen e os seus enderezos para os efectos de notificación. Nel concretaranse con clarezza os feitos que motivan a solicitude, o alcance da pretensión que se formula e o pedimento mediador ou conciliador que se dirixa ao valedor universitario.

3. O valedor universitario, no desenvolvemento da súa actuación, servirase dos medios que considere adecuados para lograr unha solución pactada do conflito. Os acordos que resultaren da sesión de mediación ou da de conciliación poderán recollese nunha acta que deberá figurar asinada polo valedor universitario e polas persoas que solicitaran a mediación ou a conciliación. Só terán carácter vinculante entre as partes implicadas os acordos adoptados en conciliación.

Título V Informes e recomendacións

Artigo 21

1. O valedor universitario poderá presentar perante os órganos colexiados da Universidade da Coruña os informes que entenda oportunos, por iniciativa propia ou cando así sexa requirido por unha quinta parte dos membros do órgano colexiado correspondente.

2. Tamén poderá formularlles aos distintos órganos da Universidade da Coruña recomendacións e suxestións sobre a protección dos dereitos dos membros da comunidade universitaria, que en ningún caso poderán revisar ou revogar resolucións ou actos administrativos.

Título VI

Memoria anual

Artigo 22

1. O valedor universitario presentará nunha sesión do Claustro da Universidade unha memoria anual sobre a xestión realizada durante o curso académico e os seus obxectivos para o seguinte curso. A memoria deberá conter información, cando menos, sobre o número e o tipo de reclamacións presentadas, as reclamacións obxecto de investigación, o resultado destas e as recomendacións e suxestións xerais formuladas para a mellora do funcionamento da Universidade da Coruña.

2. Na memoria anual non constarán datos persoais que permitan a identificación das persoas interesadas no procedemento de investigación.

3. Para coñecemento da comunidade universitaria, a memoria será divulgada e unha copia desta será enviada a todos os órganos colexiados e unipersoais da Universidade.

Título VII

Reforma do Regulamento do Valedor Universitario

Artigo 23

1. A modificación do presente regulamento compete ao Claustro da Universidade da Coruña.

2. A iniciativa para a modificación deste regulamento corresponde ao propio valedor universitario ou a un terzo dos membros do Claustro universitario. A iniciativa deberá ir acompañada da relación detallada dos preceptos e das disposicións cuxa modificación se propón e do seu texto alternativo.

3. A aprobación da modificación esixirá o voto afirmativo da maioría absoluta dos membros do Claustro, en sesión convocada para o efecto

Disposición derogatoria

Quedan derogadas todas aquelas disposicións que ditaron os órganos da Universidade da Coruña, de rango inferior ou igual, que se opoñan ao disposto na presente normativa e sinaladamente o Regulamento da Comisión de Garantías, aprobado polo Claustro Universitario na súa sesión do 3 de abril de 2002.

Disposición final

O presente regulamento entrará en vigor aos vinte días seguintes da súa aprobación polo Claustro. O seu texto darase a coñecer entre a comunidade universitaria a través daqueles medios que garantan a súa difusión. Inclúirase igualmente o seu texto nas memorias anuais que elabore o valedor universitario desde ese momento.